


# música popular galega I

**FUXAN  
OS VENTOS**  
(Colectivo)



## GALICIA CANTA O NENO <sup>vol. 1</sup>

**alvarellós**  
Editora Técnica




musica popular antiga

Dr. Valério  
cinquenta e nove  
para a cultura popular  
pro da cultura popular  
palestra  
Valério

Dr. Nadel 1978-79.

UNIVERSIDADE



# musica popular galega

Colectivo Fuxan os Ventos



Vol. 1

## GALICIA CANTA ó NENO I

á xente da aldea, que sabe  
conserva algo importante da nosa Cultura

**alvarellós**  
Editora Técnica

# Gráfica musical

Colectivo de autores



Editorial ALVARELLOS

---

Editorial ALVARELLOS Pl. Cte. Manso, 1 Tel. 22 05 78 LUGO  
I.S.B.N. 84-85311-30-2  
Depósito Legal LU-4-1979  
Gráfica musical e ilustracións: Xosé Luis Freire  
Fixo a escolma: Fuxan os Ventos  
Coordinou: Xesús Mato  
Reprografía ALVARELLOS Lugo 1979

## INDICE

<b>LIMIAR</b> .....	4
<b>VILANCICOS DE CHAMADA</b>	
<i>Vamos, Rapaciños</i> .....	9
<i>Alegría, meus amigos</i> .....	11
<i>Vamos cantando e ruando</i> .....	13
<i>Vinde galeguiños, vinde</i> .....	15
<i>Vinde ver ó Neno</i> .....	19
<i>Imos logo todos xuntos</i> .....	21
<b>NARRATIVOS</b>	
<i>Canto me folgo</i> .....	27
<i>Viva o Neno</i> .....	29
<i>No pendello</i> .....	31
<i>Con un sombreiro de palla</i> .....	33
<i>Aló entre as pallas</i> .....	35
<i>Por entre as silveiras</i> .....	39
<i>Aló a Media Noite</i> .....	43
<b>ARROLO E OFRENDAS</b>	
<i>Ai miña Rosiña</i> .....	49
<i>Falaime ben baixo</i> .....	51
<i>Falade ben baixo</i> .....	53
<i>Meu carrapuchiño</i> .....	55
<i>O Garridiño</i> .....	57
<i>Meu Carrapucheiriño</i> .....	61
<i>E Rorró</i> .....	65
<i>Neno de Cabelos de Ouro</i> .....	67
<i>Nosa Señora</i> .....	71
<i>Tiruliru</i> .....	73
<b>DESPEDIDAS DE ANO</b>	
<i>Catro Mancebos</i> .....	77
<i>Se dan o fumeiro</i> .....	79
<i>Despedida de Ano</i> .....	81
<b>CANTOS DE REISES</b>	
<i>Los tres Reyes Magos</i> .....	87
<i>Embajadores somos</i> .....	89
<i>Caminen Señores</i> .....	91
<i>Felices Fiestas</i> .....	93
<i>Reises de Infiesta</i> .....	95
<i>San Xosé e máis María</i> .....	97
<i>Pandeirada de Rao</i> .....	99
<i>Reises de "Cabra Fanada"</i> .....	101

## LIMIAR

Non somos amigos de grandes análises nestes temas porque pensamos que as análises no folclore fanse cando compre facer historia, cando está morto. Hai moita xente no país que ten a teima de xunguir a música folclórica coa palabra e o "conceito" pasado, e nós queremos chamar a atención neste feito.

Certo é que grande parte da nosa música foi feita nunha situación sociolóxica que está rompida, e que está a escacharse para mudar nunha nova. Certa é a desfeita das comunidades parroquiais e tamén da coesión da vida rural-maioritaria en Galiza. Mais tamén é certo que a pandeirada, por poñer un exemplo, naceu e tomou corpo nunha sociedade tribal, moitos séculos atrás nosa, e máis pervive e evoluciona, anque a tribo desaparecese. Por iso queremos afirmar que estes cantos non son historia, aínda séndoa. Son unha expresión máis do noso pobo. ¿Cantos galegos de 30 anos para diante poden afirmar que non ouviron ou que non cantaron reises ou vilancicos?. ¿Qué son trinta anos na vida dun pobo?.

Certamente duns anos para acá dá vergoña saír a cantar reises. "E cousa paleta", díxosenos a nós mesmos, hai agora dous anos. A sociedade consumista e o materialismo-comercismo-ño que vivimos non permite estas prácticas sociais. Mais tampouco permite aos pobres pedir esmola e... ¿non hai pobres?

Compre afirmar que cando as bágoas loitan por saír ás fazulas dos galegos aó escoitarmos estes cantos populares non é por unha saudade típica e tópica, senón máis ben porque seguimos a falar o mesmo idioma musical e cultural. En todo caso esas bágoas —xusto sería— deberíanse trocar en raiba pola miseria e inxusticias que tran aó recordo dos tempos da agricultura como único xeito de vida e de morte. Mais non: as bágoas son de ledicia, son de volta aó lugar no que éramos "nós mesmos", nós galegos, nós donos da nosa cultura —inculta para os listos— parvos de sempre. Hai quen loita por descubrir a pólvora e busca novas canles para cultura galega, canles máis rematados, máis universais, máis acordes coa cultura urbana. Se cadra, o que pretenden é disimular o complexo de inferioridade, o concepto de cultura vulgar que ten de sí mesmo como home e como pobo.

Para nós, para os que nacemos nela, queremos morrer nela e deixarl-la, por herdanza, aos nosos fillos, a cultura popular é a única que nos pode salvar como homes desa gra máquina de pezas exactas na que se nos quere encaixar.

Queremos por último dicir que os cantos do Nadal, Aninovo e Reises, son o único exemplo en que, nun feito relixioso, o pobo toma a iniciativa e rouba das mans dos ricos, finos e poderosos, a propiedade da relixión, ou polo menos das súas manifestacións. A pouco que observemos as letras, e a naturalidade e confianza con que colleron os feitos, cairemos na conta de que a nosa xentiña se fixo protagonista do Feito da Salvación, do desprecio de Deus pola regalía da riqueza, da solidariedade do nacemento nun "pendello", nun "cortello", nunhas "pallas"... Nos vilancicos, o pobo canta e traslada toda a historia bíblica á súa parroquia, ao seu lugar, á súa xente, e non lle dá a excepción dalguns cantos de reises, feitos para zugar cartos aos ricos dos pazos ou das vilas-tratamento misterioso e supersticioso, lingüísticamente falando, senón moi ao contrario, mistúraos coa vida da aldea, coa vida diaria do traballador, do labrego, do paleta.

Se cadra, era isto polo que nos ollos e na cara da xente poderosa e "cultura" nacía unha faísca de ira e un sorriso de desprecio cara a estes cantos. Non era perdoábel o roubo manifesto nen a cativa vinganza popular.

Amigos: Tendes nas vosas mans un pequeno libro, cheo de vilancicos populares galegos. Uns poucos entre os milleiros que o pobo galego, co seu inxenio, soubo facer e conservar. Amigos: Tendes nas mans tamén unha pequena ilusión compartida por moita xente que nos axudou a fozar aquí e aló para podermos chegar a ter o que aquí amosamos e o que temos gardado, esperando dispor de tempo para españolalo e devolverllo ao pobo, de onde saíu. Sería moi longa a lista de agradecimentos. Sería moi longa e quedarían amigos sen nomear. Por iso queremos dicervos que, por trás do nome "COLECTIVO FUXAN OS VENTOS", no que figuran uns poucos, hai toda unha laboura de colaboración, calada e desinteresada, de traballo pola cultura popular galega. O noso agradecemento pois para eles e para todos vós que vos preocupades polo mesmo: Rescatar e dignificar o noso pobo na súa cultura.

Lugo, Santos-Nadal do 1978



## CANTOS DE CHAMADA (GRUPO PRIMEIRO)

*Neste grupo primeiro tratamos de poñer unha pequena mostra dos cantos do Nadal que serven para convocar e xuntar a xente da aldea, parroquia ou bisbarra. Son cantos ledos e barulleiros. Non teñen grandes pretensións na súa interpretación.*

*Días antes da Noiteboa, e sobor de todo o día 24, polo serán, despois de recoller o gado e facer as labouras da casa, cadaquén mudábase de roupa e empezaba a percorrer a aldea na busca do home ou muller máis divertido e que máis cancións sabía (case sempre se facía de rogar un pouco) e empezaban a cantar, en calquera curro, xunto ao cruceiro, nos cruces dos camiños, na corga ou no meio do lugar. Era unha especie de ensaio xeral para o que viña despois. Alí aparecían toda clase de instrumentos. Desde a gaita e pandeiro, até os "trespés" e os testos das potas.*


*Pouco a pouco íanse xuntando tódos os viciños, e, se había moita ledicia, non receaban xa, aquel mesmo día, visitar algunha aldea do contorno, onde se xuntaban cos outros, e, ás veces, empezaban as retesías de quen o facía millor.*

*Chegaba a hora de voltar e acostumábase a rematar este "comenzo" de festa, na casa dun viciño (do Tío Farruco, Tío Antón, etc.) case sempre un vello de certo rango na aldea, e que non saíra antes á rúa. Alí volvíase a armar. Pero... isto xa corresponde ao segundo tempo.*

*Velaí unha pequena escolma de seis cantos.*

VILANCICOS DE

CHAMADA



## VAMOS, VAMOS RAPACIÑOS

*Dentro do folclore musical do nadal galego, aparece este vilancico de "chamada" que se canta —e tamén se acompaña con gaita, pandeiros e tamboril— en todo o País Galego. Ten xeito de "muiñeira". Atópanse moitas variantes de letras, aínda que conservan a mesma idea. Escoitámolo moitas veces, mais nunca con pés, samente cantan o estribillo. E un caso moi especial. Pode ser debido á riqueza e longura do estribillo, que por ser completo, cada dous versos octosílabos —ás veces non ben medidos— desenrolan o tema. Tamén é posíbel que fose como "un canto de introdución" ao resto do repertorio que cantaban, en cada xuntanza que facían. Velaí catro variantes de letras:*

Vamos, vamos rapaciños  
cara a Belén, coa gaita do fol,  
que dicen naceu un Meniño  
máis bonitiño que un sol!;  
E dicen que non ten o probe!  
nin camisiña que poñer;  
as estrelas xa nos guían,  
vamos, rapaces, vámolos ver!.

Correde, rapaciños,  
pra ir a Belén coa gaita do fol,  
que dís que naceu un Neno  
tan bonitiño coma un sol.  
Seica non ten o probe  
nin camisa que poñer.  
As estrelas xa nos guían,  
vamos, rapaces, vámolos ver!.

Vinde, vinde, os homes todos,  
vinde ledos a escoitar,  
o que os anxos cantan ó Neno  
que naceu nun portal;  
vinde, vinde todos xuntos  
vinde todos a cantar,  
que, hoxe, naceu en Belén  
o Señor pra nos salvar.

Vamos, pastorciños, vamos  
a Belén, coa gaita e o fol,  
dicen que naceu un Neno  
máis bonitiño, que é un sol.  
Non quer manteiga nin leite  
non quer manxares o Neno,  
quer corazós homildados  
quer un amor verdadeiro.


*Como xa queda dito, este vilancico cántase en toda Galicia. Cambian un pouco as letras, pero...a música é sempre a mesma. Escoitámolo nas montañas de Pedrafita, en Chantada, Sarria, Monforte, Terra Chá, Meira, Vilalba, e en moitos outros sitios da provincia de Lugo. Tamén na Coruña, Pontevedra, Tui, Ourense e Vigo. Aparece recollido na colección de vilancicos publicados, (hai uns anos), a multicopista, no Seminario de Lugo.*

*Discos e cassettes, Fonográn, S.A. Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos*

# VAMOS, RAPACIÑOS



Va-mos va-mos ra-pa-ci-ños ca-ra-be-




-lea com gai-ta do sol que di-ceu ue-cesime-




ui-ão mais bo-mi-ti-ño que um sol e di-



-ceu que vou ter o pro-be um ca-mi-si-ña que po-




uer as es-tre-las xé nos



gui-ou Va-mos ra-pa-ces de um Co-



ver



## ALEGRIA, MEUS AMIGOS

Estamos diante dun vilancico, ledado e feiticeiro, e dunha construción sinxela. Un calquera do grupo, canta ou improvisa un pé, e os demais contéstanlle coa mesma música. É un canto popular no cen por cen. Esa mistura de "pandeirada-muiñeira" fai que o canto sexa moi pegadizo. E doado de adiviñar que tiña que haber centos e centos de letras, aínda que non se conserven as da improvisación e as que facían referencias ás aldeas e vilas das bisbarras onde se cantaban. Poñemos aquí as que nós escoitamos que, por certo, coinciden cáseque todas, coas que tamén recolleu Eduardo Torner e Jesús Bal en Mondoñedo e teñen publicadas no "Cancionero Gallego", editado pola Fundación Barrié de la Maza.

A interpretación —como nos "desafíos"— préstase para botar horas e horas cantando a mesma melodía e improvisando letras que teñan relación coa historia do Neno e máis cos costumes e cousas de cada pobo ou aldea. Os homes ou mulleres con "máis chispa" tiñan unha grande oportunidade para se luciren e até para ir a reitesía de quen o facía millor. Velaí algunhas letras:

ALEGRIA, MEUS AMIGOS  
MAIS ALEGRIA E PRACER!  
CONTAN QUE NACEU UN NENO  
GARRIDO E DE GRAN XACER!

Alcendemos catro pallas  
e corremos pra Belén  
que contan moitos milagres  
e cousas diñas de ver.

O Meniño está nas pallas  
súa Mai está con El,  
San José está mirando  
pasmadiño para El.

Meu Meniño, Miña Rosa,  
miña Prendiña, Meu Ben;  
Tí serás noso Consolo  
Tí serás Rei de Israel.

Os pastores en Belén  
andan xuntando nos guizos  
pra quentar ó Neno Dios  
que está tremando de frío!.

ALEGRIA, MEUS AMIGOS  
MAIS ALEGRIA E PRACER  
CONTAN QUE NACEU UN NENO  
GARRIDO E DE GRAN XACER!

A nosa versión, recollida pola bisbarra de Mondoñedo, Abadín, Moncelos, Vilanova, etc. coincide coa recolleita do "Cancionero Gallego". Decatámonos que, ás veces, cántano como se fose "un reis". O mesmo pasa con outros moitos cantos que atopamos por alí en diante. Na interpretación, nalgunhas bisbarras, repiten, despois de cada pé, a primeira estrofa que tamén é sempre a do remate.

Discos e cassettes, Fonográn, S. A. Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos

Alegria, meus amigos...



LEDO

2/4

a - le - gri - a meus a - mi - gos mais a -

1ª VER 2ª VER

- le - gri - ae pra - cer | a - le - cer con - ta -

que ha - cer ou ue - ro ga - mi - doe de gra - ra

1ª VER 2ª VER

- cer con - ta - cer

## VAMOS CANTANDO E RUANDO

O galego, pola súa maneira de ser, non é un home moi aficionado a espallar todo o que leva dentro. Definiríase, máis ben, como algo "tímido", calado, metido dentro de si mesmo. Con todo, unha vez que colle confianza, ou vive o que está a facer, sofre como unha transformación "descoñecida". Sabemos que existen moitas lendas sobre nós, neste senso. Poucas axeitadas e axustadas á realidade. Neste canto, precisamente, non só pola música senón tamén pola letra, albíscase unha maneira espontánea de manifestar a súa ledicia diante o feito do Nacemento do Fillo de Deus. O ritmo musical, no estribillo, é dunha sinxeleza e orixinalidade asombrosa. Non sabería definirse moi claramente se é "marcha, ou unha mistura de muiñeira-pandeirada". Hai algo de todo, sen romper a fermosura de ningunha. O compás de dúas partes, axúdanos a identificala millor. Nas estrofas brilla o xeito máis común das cancións galegas, co ritmo de vals-lento. A letra, toda ela, bole na mesma idea dos cantos de chamada, coa razón do "por qué" se fai: hai que ir, porque naceu o Neno que é o Rei de todo o criado, anque apareza "nado" nas pallas. Diso entendía moito a nosa xente, por iso entendeu tamén a profundidade do Misterio, polo menos na parte do sufrimento.

VAMOS CANTANDO E RUANDO  
A MILLOR FESTA QUE HAI  
QUE NACEU O NOSO NENO  
REI DA TERRA E DO MAR.

Anque naciches nas pallas,  
e nelas estás contento,  
érello Rei das estrelas  
da Terra e do Firmamento.

Esta noite é Noiteboa,  
noite de grande alegría  
camiñando vai Xosé,  
camiñando vai María.

Esta noite é Noiteboa  
vamos todos a Belén,  
e verémolo Meniño  
que naceu pró noso ben!.

A pesar de saber que é un vilancico moi popular por certas bisbarras da Provincia de Lugo, nós escoitámolo poucas veces i en poucos sitios. Recordan as letras, e se se lles canta, dánse conta moi axiña. Recollémolo desa maneira, despois de cantar moitas veces o que publicou, hai anos, a Academia de Música do Seminario de Lugo.

Discos e cassettes. Fonográn, S.A. Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos

# VAMOS CANTANDO

**RUBENDO**



*LIXEIRA*

Va-mos can-tan-doe ru-an-do a mi-

-llor fer-ta que hai que ha-cê o ho-so

ne-ho rei da te-rra e do mar que ha-

cê o ho-so ne-ho rei da te-rra e do mar.

**FIN** *LENTO*

AN-QUE NA-CI-CHEE NAS PA-LAS E NÔ-

LAS ES-TAS CAN-TEN-TO E-RE-LO REI DAS ES-

-TRE-LAS DE TE-RRAS DE FIR-MA-MEN-TO. Va-mos



## VINDE GALEGUIÑOS VINDE

A variedade de vilancicos de "chamada", abonda no noso país. Háinos para todos os gostos. Ledos, tristes, garimosos, bullandeiros. Aproveitaron todos os ritmos, aínda que os máis cantados son os que teñen ares de "marcha ou de xota", como neste caso. Para nós, a forma do imperativo "vinde" —imperativo, suxerencia, invitación— que aparece en moitos deles, lévanos a pensar nunha forma máis primitiva e tamén máis musical que a construción "vamos", coa súa suxerencia afirmativa dos feitos, sen deixar a forte chamada ou invitación. No caso deste vilancico, a invitación faise tamén a levar "pandeiro e gaita", os instrumentos máis típicos do país. A palabra "galeguiños" —en son garimoso— é das poucas veces que se encontra no repertorio do Nadal. Polo que toca ás estrofas, nótese moi ben o lugar onde naceu o vilancico. O dicerlle ao Neno "mono, guapo", etc. non se acostuma en Galiza. Temos outros xeitos máis garimosos, como se amosa neste libro. Pode ter unha explicación o feito de que a orixe deste vilancico está moi perto da viciña Asturias, en Ribadeo e a súa comarca. A música semella "o tece-tece" das ondiñas do mar, na boca cerrada que cantan as voces femeninas.

VINDE, GALEGUIÑOS, VINDE  
VINDE CON PANDEIRO E GAITA  
QUE UN MENIÑO, MOI RIQUIÑO  
NACEU, OXE, NA MONTAÑA (Bis).

Naceu un Neno, moi mono,  
naceu un Neno, moi guapo,  
e súa Mai siquera tiña  
nin un probe farrapo!.

O Meniño está na neve  
a neve fáino tremere,  
Meniño da miña ialma  
quén che puidera valere?!

O Meniño está na neve  
ímolo a desenterrare.  
Levémoslle os corazós  
para ó Meniño calare!.

Deste vilancico non coñecemos ningunha outra versión. Parécenos que a música das estrofas está un chisquiño arranxada por algún dos bons músicos que sempre abondaron pola Zona de Ribadeo. De todos os xeitos fíxose popular e chegou a ser un dos vilancicos máis representativos da provincia de Lugo. Na interpretación de "Galicia canta ó Neno", vai acompañado por pandeiros, tambores e gaitas.

Discos e cassettes "Fonográn, S.A. Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos

Vinde, galeguiños, vinde...



*XATA*

VIN-DE GA-LE-GUI-NOS VIN-DE VIN-DE

CON PAN — DEI-ROE GAI-TA QUEUN ME-NI-NO

MOI RI-QUI-NO NA-CEU HO-XE NA MON-

TA-NIA QUEUN ME-NI-NO MOI RI-QUI-NO

NA-CEU HO-XE NA MON-TA-NIA

*LENTA-GRAVADO*

UA-CEU UN HE-NO MOI MO-NO UA-CEU UN

## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

(I)

*Aproveitando o espazo que nos deixan libre os vilancicos que ocupan dúas páxinas coa música, traguemos aquí un feixe de vilancicos e panxoliñas dos que nós non coñecemos música propia e que aparecen cantados con aires populares de "alalás, muiñeiras ou pandeiradas". Algús deles están bastante ben fiados no seu argumento; outros son versos soltos.*

Cantade, meniños, meniños cantar  
que empeze o pandeiro a repinicar!.

Chegai mariñeiros, chegai labradores,  
a adorar ó Neno dos nosos amores.

Qué cara, qué oliños, qué roxos cabelos!  
parece que fala, Xesús!, meu Meniño!.

Xesús, qué Meniño, qué roxiño é  
Neno tan bonito, de Dios é filliño!.

Rapaciñas da banda do mar,  
esta noite naceu en Belén o Señor!,  
vinde mozos e vellos en par,  
que esta noite é noite de amor.

Mozos e mozas vinde eiquí a bailar  
ó son da gaitiña do noso lugar!.

A Belén vamos, meu amiguiños  
que hai moitas festas  
naqueles camiños.

Disque naceu un Rei Pequeniño  
cos ollos negros i o pelo roxiño!.

1ª vez

ue — uo moi qua — po NA-CEU

e sua mai xi-gue-ra ti-ua uia ua

1ª vez

pro — be fa — ra — po e sua

2ª vez XOTA

- ra — po VIN-DE GA — LÊ-QUI-NOS

VIN-DE VIN-DE CON PAN — DE ROÊ GAI-TA

QUEVN HE — MI-NÔ MOI RI — QUI-NÔ NA-CEU

HO-XE NA HON-TA-NÂ QUEVN HE — MI-NÔ

MOI RI — QUI-NÔ NA-CEU HO-XE NA HON-

-TA-NÂ NA-CEU HO-XE NA HON-TA-NÂ

FIN

## VINDE VER O NENO

*Atopámonos aquí cun canto doce e garimoso —tamén de chamada ou invitación— cun xeito xa totalmente estruturado, co seu estribillo e máis os seus pés. Polas letras e a dozura da música, máis ben parece un canto de arrollo ou de oferenda. De todos os xeitos, debe ir nesta primeira parte, tendo en conta o senso musical de “marcha” que leva o estribillo, que, por outra banda, na letra, amosa xa unha profundidade teolóxica que non aparece na maioría dos outros cantos: “os nosos pecados aínda o mancan máis”. O ar de xota, a dúo, dos pés, e máis a sinxeleza das ideas da letra, móstrannos a “identificación” que o galego tivo co misterio da Encarnación do Fillo de Deus.*

VINDE VER O NENO - QUE ESTA DESPIDIÑO  
E ACURRUCADIÑO - O PÉ DOS SEUS PAIS;  
E MANCANO AS PALLAS - EN QUE ESTA DEITADO  
E O NOSO PECADO - AINDA O MANCA MAIS!

O Meniño, Pequeniño  
entre unhas pallas se ve;  
como o Neno é tan pequeno  
aínda non se ten de pé.  
Ai, qué Neno, ai qué Meniño,  
ai qué ganiñas me dan!  
De comerlle a cara, a bicos,  
de gordo e branco que está!  
Vámonos a ver ó Neno  
ó noso Neno Xesús,  
que dorme entre as pallas  
sen berce e sen luz.  
Os pastores levan mantas  
e un feixe de trapiños  
pra acochar ó noso Neno  
xa que está en coiriños!.

Ai, qué Neno, qué Meniño  
qué bonito e lindo está!  
Xa o corazón relouca  
de contento que Il está!  
Repiquemos as campanas  
pra festexalo ben:  
e xoguemos, noite e día  
xunto ó portal de Belén!

Vede ó meu Amoriño  
na corte (falando mal)  
entre o boi e máila mula  
como calquer outro animal.  
Se non fora porque teño  
esta cara de aldeán!  
daríalle catro bicos  
nesa cara de mazán!

*Sabemos que este canto é das bisbarras de Chantada e Escairón (Lugo). A primeira versión que nós escoitamos veunos da voz de Modesto Fernández (ex-director da Polifónica de Chantada, que tamén o ten grabado en disco “coral”, anque a súa versión nos parece un chisquiño “lenta”, debido, se cadra, a unha das maneiras de cantalo que abundan por alí). Desde logo, este vilancico coñécese en toda a Nosa Terra. Foi un dos cantos máis espallados perante os derradeiros anos.*

*Discos e cassettes “Fonográn, S.A. Galicia canta ó Neno. Fuxan os Ventos. Coral de Chantada.*

# VINDE VER O NENO

Musical score for "VINDE VER O NENO". The score is written in treble clef with a key signature of one sharp (F#) and a 2/4 time signature. It includes a section for a tambourine (PANDEIRO) and a section marked "MARCHA".

**(PANDEIRO)** X X X X X X

**MARCHA**

VIN-DE VER O'  
E MAN-CA-MOAS

ME-NO QUEES TA DES-PI-DI-TO IA-CU-RRU-CA-  
PA-LLAS EN QUEES-TA DEI-TA-DO IO MO-SU PE-

*1ª vez* *2ª vez* **(RAPIDO)**

-DI-TO O' PE OOS SEUS PAIS O ME  
CA-DO AIN-DAU MAN-CA MAIS — ai que

ni-ão pe-que-ni-ão eu treou-has pa-las se  
ne uori que ue-ni-ão ai que ga-ni-ãas me

se co-moo ue-uee tan pe-que-uo ai-ã-ã  
ãã de co-mer-llea ca-raã bi-cos de gor

*1ª vez* *2ª vez*

uou se teu de pe o me- X X X  
doe-braa-co quees — -ta

a **FIN**



## IMOS LOGO TODOS XUNTOS

En Lugo e os seus contornos é este un dos vilancicos máis coñecido e polo tanto máis cantado, a pesar da súa dificultade de interpretación, sobre todo na estrofa, que leva unha especie de "canon musical" non moi doado de facer para os que teñen que soste a nota de recheo. É un vilancico moi orixinal na música. Ten son de "marcha" no estribillo e de "vals-lento" nas estrofas. No seu remate aparece un son moi galego, cecáis único nos cantos do Nadal. Os "lalás" —non confundir con "alalás", que diso non ten nada— pertencen a un ritmo normal de xota galega. Nas letras amosan as ideas centrais de todo canto do Nadal: Invitación, todos xuntos (unión), ledicia, admiración, denuncia, etc. Reparen que introduce a versión de "imos", en vez de "vamos". Para darlle máis forza, introduce tamén o "vinde". Hai unha reiteración que nos parece moi importante: "imos logo" (expresión típica de Galiza) seguida do "vinde axiña". Convencimento por unha banda con unha consecuencia por outra. Tamén, por vez primeira, que nós saibamos, emprégase a palabra "Maxestá". Nos outros atopamos moita máis sinxeleza e confianza co Neno Deus.

IMOS LOGO TODOS XUNTOS  
IMOS LOGO PRA BELEN  
QUE, OXE, E DIA DE RUADA,  
DIA DE PRACER!  
VINDE AXIÑA, COMPAÑEIROS  
VINDE AXIÑA PRO TEU BEN;  
XA VERAS AQUEL MENIÑO  
XA VERAS QUE LINDO E!.

Nunhas pallas deitadiño  
i en coiriños alí está,  
sendo o Dono diste mundo  
e Señor de canto hai!  
Qué cariña tan bonita  
qué feitura de rapaz!  
Queda ún admirado  
vendo a súa Maxestá!.

LA LARALA LA LARALA.

Como xa dixemos, este vilancico cántase moito pola bisbarra de Lugo-cidade e os pobos do arredor. Cántano vellos e novos. Non se conocen variantes. Escoitámolo e cantámolo tamén nós moitas veces. Aparece recollido na Colección feita no Seminario de Lugo.



Imos logo todos xuntos

MARCHA

2/4

I - mos lo - go to - dos xu - tos i - mos pra Be  
 leu o - xé di - a de ru - a - la noi - te de pra  
 cés au - das - xi - ña compa - ñei - ros au - las - xi - ña po - teu  
 ben xa ve - ras a - quel ve - ui - ño xa ve - ras que li - do  
 é. a - quel ve - ui - ño que li - do é

RIT.



## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

### (II)

Chegade, pastores,  
á igrexa a cantar  
que o Noso Meniño  
ten nacido xa!.

Vinde, picariñas,  
correde, escoitar,  
antes de que o galo  
comence a cantar.

Ai, Miña Xoiña!,  
que angustias me das  
ó ver que pró Neno  
roupiñas non trás!.

E os pastores levan  
mantas e trapiños  
con que acochalo  
que está en coiriño.

Vamos ver ó Neno,  
ó Neno Xesús,  
que dorme nas pallas  
sen berce e sin luz.

Vamos, pastoriños,  
vamos a Belén,  
que mañán hai festa  
e pasado tamén.

Vinde, rapaciños, vinde  
vinde todos a mirar  
o Nacemento do Neno  
que está no colo da Nai.

Un Neno, Neniño,  
naceu en Belén;  
da gloria miralo  
i á Virxe tamén.

Xa naceu o Neno  
noso Salvador  
xa non temos penas  
xa non hai dolor!.

Correde, meniñas  
e nenos tamén  
que o noso Meniño  
naceu en Belén.

Naceu o Meniño  
igoal que unha fror;  
iremos a adoralo  
soio pide amor!.

A noitiña do Nadal  
noite de moita alegría!,  
naceu un Reisiño Meigo,  
fillo da Virxe María!.

DOCE-LIGADO



Nu-nhas pa-llas dei-ta-di-ño ieu coi-ri-ños




a-lies-tá sen-do de-uo dis-te



mo-do e se-ñor de caa-to hai que ca-




ri-ña tan ho-ui-ta que fei-tu-ra



de ra-pai que-da va a-de-mi-ra-do




ueu-doa sú-a ma-xes-ta LA LA RA



LA LA LA RA LA LA LA RA LA LA RA



LA LA RA LA.



## CANTOS NARRATIVOS

### (GRUPO SEGUNDO)

*Estamos xa na cociña dun viciño de aldea. O patrón, sentado detrás do lume, nun deses bancos de madeira que abundan pola nosa terra, recibe os seus invitados, que xa esperaba con certa ledicia e satisfacción que non disimulaba.*


*Empezaban a cantar todos. Os novos espabilaban os vellos e tamén ao revés. Tiñan moito que aprender os novos dos vellos e, diso, decatábanse todos. Non faltaban os vasos de viño, servidos en cunca que pasaban uns a outros, e, entre contos, cantos, risas botaban algún tempo. De repente, alguén da xuntanza, dábase conta de que faltaba "o probe" ou "a probe" oficial da aldea, e, de contado, mandábase chamar. Ás veces tamén aparecía un deses outros pobres de lonxe que asentaba alí, movido pola súa amizade de vello co patrón da casa.*

*Xa se poden imaxinar-os que non tiveron a ledicia de vivir estas xuntanzas-a riqueza e fartura que había de "comunidade" nestas reunións. Liquidábanse os pleitos ou vellas liortas; botábanse, uns a outros, os pecadiños na cara, cometidos durante o ano. Había un senso de "verdadeira reconciliación". Era unha maneira sinxela de celebrar o Nacemento do Fillo de Deus, con profundidade e sen as trampas e ridiculeces doutros lados.*

*Como a Noiteboa non é unha noite que se poda estirar máis que outras, alguén empeza a dicir que hai que ir cear, que despois compre ir a Misa do Galo, e, entre saídos, desexo de felicidades, vanse todos cara as súas casas a cear en familia. Endexamáis faltaban os consellos das vellas, neste momento, para que non se perderan todas as "meiguerías" propias destas datas.*

*Fixemos unha selección de sete vilancicos neste apartado.*

# NARRATIVOS



## CANTO ME FOLGO DE VER!

Este vilancico ten certas semellanzas con outro que aparece tamén neste mesmo libro ("O TIRULIRU"). Nembargantes acordamos poñelo, pola súa orixinalidade de interpretación, xa que é o primeiro caso que encontramos, no que, os variados instrumentos galegos fan tamén de "solistas" na homenaxe ao Neno, introducidos por un verso da xente —do grupo— ou dun solista vocal. O que no "TIRULIRU" fan as voces, sempre do mesmo xeito —ritmo de alborada "cantada", imitando o punteiro mais o roncón— trócase en algo máis rico neste caso, desfilando polo vilancico, todos os ritmos e instrumentos galegos que se queiran. Como as letras tamén se improvisaban, podemos supoñer que habería letras falando de instrumentos e tamén de ritmos: Muiñeira, xota, alalá, pandeirada, foliada, etc. Velaí a mostra das letras que fomos recollendo por distintas zonas.

Cánto me folgo de ver  
o que neste albergue pasa:  
Un Meniño, pequeniño,  
e un pastor tocando a gaita.

(Un gaitero toca unha  
marcha ou foliada)

Hei de pasar por aló  
a tocarlle unha alborada:  
queira Deus que non me esquenza  
do son con que hei de tocala!.

(O gaiterio: unha alborada).

Qué qués que che dea, dí?  
qué qués tí, meu queridiño?  
Qué todo o meu corazón?  
Se o qués?: dóucho enteiriño!.

Bendito sexa iste Neno  
qué é máis branco que un armiño;  
todo está vertendo gracia,  
venia a Mai de tal Filliño!.

Esta noite é Noiteboa  
esta é noite de cantar:  
traguete as gaitas, rapaciños  
que os pandeiros eiquí están!.

Por moitas razóns —algunhas xa ditas— non podemos falar dun lugar ou pobo concreto a quen lle atribuir, con certeza, a orixe deste canto. Nós atopámolo confundido ou misturado co "TIRULIRU", anque a versión que máis auténtica —a que figura no libro— é unha miga distinta, e con máis rai-game galega na primeira parte. Cántase en todo o País Galego. Somente na provincia de Lugo encontramos o xeito de facelo con instrumentos "solistas".

"Canto me folgo..."

*MUOVERSI*

Can-to me fol-go de ve-re  
o que vis-: teal-ber - pae pe-sa  
va me - ui - ão pe-ye - ui - ão  
iua pas - tor to - caa doa - sai - ta  
va me -



## "VIVA Ó NENO BONITO"

*A pesar de que o galego non é moi dado ás expresións externas de pegar berros-fóra dos aturuxos ou carballeiras-nas manifestacións do Nadal, alcontramos algunhas formas, que máis ben nos parecen importadas dalgún lado. Este pode ser o caso deste canto. Ademais, no remate do estribillo, aparece certo "deixe" de canción non galega. O ritmo é unha mistura de vals lento, tirando a xota.*

Viva, Viva o Neno Bonito!  
Viva, Viva naceu en Belén!;  
Viva, Viva o Neno Bonito  
que está con Maria e Xosé!.

Por facer calar ó Neno  
tocamos pitos e flautas  
tamboriles, castañolas,  
bombos, platillos e gaitas.

En Belén naceu un Neno  
tan branquiño coma a prata;  
é roxiño coma o ouro  
como a máis fina escarlata.

Levarémolse un guedello  
feito coas nosas láas,  
pra facerlle o berce ó Neno  
Salvador das nosas almas.

Era tanta a súa brancura  
dos seus ollos i a súa cara  
que a tódolos que o miraban  
o corazón lles roubaba.

Non me luxes co teu fuso  
vai doubar roupa pró Neno  
nin me pidas ningún bico  
que esta noite eu che ofrezco

Alí vimos un Meniño  
deitadiño nunhas pallas  
nun pesebre pequeniño  
sóio feito de tres táboas.

Tocadora da pandeira  
dalle máis dunha pancada;  
dalle coa mau direita  
que coa outra non val nada

Como chora o noso Neno  
está mortiño de frío!.  
Chegou do Ceño en coiros  
cantémolse pra dormilo!.

O gaiteiro toca a gaita  
a muller o tamboril,  
os fillos as castañetas,  
na miña vida tal vin!.

*Temos algunha dúbida da orixe deste canto, a pesar de atopalo en moitos lugares do noso País. Apareceu nas vilas. As letras, desde logo, se foron traducidas, teñen bastante raigame popular, e conseguiron entrar e quedarse no pobo. Hoxendía é popular. Tamén aparece na devandita Colección do Seminario de Lugo.*

# VIVA O NENO



*XOPI*

Eu Be-lem na — céu em ce-los.

em brau-gui-ão co-ma pre-ta e ro-

xi-ão co-ma ou-ro co-ma mais fi-

*VIVO*

mel-car-ça — ta VI-VA VI-VAO ME-HO BO-NI

TO VI-VA VI-VA NA-CÊ EN BE-LEM VI-VA VI-VAO

MG-NU BO-NI-TO QUEI-TA' COM NA-RI-AS YO-

*D.C.*

SE'



## NO PENDELLO DE XUNTO O CAMIÑO

O ritmo de "muiñeira" aparece, moitas veces, nos cantos populares. Quizaves moito menos nos cantos do Nadal. Hai quen di que a razón é moi sinxela: "a muiñeira" costuma a ser, un pouco picante ou lixeira —pode moito o peso da súa orixe— e, polo visto, parecíalles unha falta de respecto o cantalas nestas datas. Nós non sabemos se isto é certo ou non, pero... tamén tivemos ocasión de ouvilo varias veces e por outra banda, non se atopan moitas muiñeiras no folclore musical do Nadal galego. De todos os xeitos; aquí temos unha mostra que, por certo, entrou bastante no pobo, porque este vilancico encóntrase en moitos sitios, anque cambien, un chisquiño, a localización dos feitos que contan. Fálase "do portelo", "da portela", "da pendella", "da portada", "da bodega", "do alpendre", etc. pero, sempre conservando o resto da letra. Unha vez máis nótase o feito de encarnar a realidade do Misterio, na situación concreta de Galiza. Isto di moito a favor da nosa xente que, aínda sen entender, en profundidade, a Mensaxe que ten o Nadal, fói encarnando nel, á súa maneira.

No portelo de xunto ó camiño,  
istes días pasados naceu;  
Un Meniño, Pequeniño,  
que parece do Ceo caeu!  
Din que é o Mesías,  
din que é o Ben! (bis).  
Corramos todos  
a bicarlle o pé!.

Vinde, vinde, rapaciños,  
vinde, vinde a vel-o Neno,  
que envoltiño,  
nuns carpaciños,  
e nun portaliño pequeno (bis).

De terras de Escairón (A Candaira), Monforte, A Póboa de Brollón, Bóveda, Incio, Chantada e outros sitios da Provincia de Lugo, chegóunos esta versión, con pequenos cambios. Coma outros, tamén "este xoguete" foi publicado (a multico-pista) naquela Colección do Seminario, de Lugo, da que xa falamos antes.

Discos e cassettes, Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos

# « no pendello »

MUINEIRA

no péu de llo queira xua tão ca mi ão is ter  
 di as pa sa dos ca ceu un me mi ão pe que  
 mi ão que pa re ce do cê o ca eu dia que come  
 si as dia que o bea dia que eu me si as dia que o  
 bea co ma mas to dol a bi cor lleo pe VIN DE  
 VIN DE RA PA CI NÔS VIN DE VIN DE A VE O'  
 NE NO QUEM VOL TI NÔ NOS CAR PA CI NÔS E NUN  
 POR TA LI NÔ PE QUE NÔ VIN DE NO péu'

1ª vez 2ª vez D.C.

## CON UN SOMBREIRO DE PALLA

*Se nos preguntásemos polo vilancico "máis popular" da nosa terra, posibelmente tivésemos que contestar que é este que temos diante. Tanto as letras —coa súa retranscrición e asimilación do Misterio— como a música, —con ese xeito de vals lento galego— lévannos a pensar na forza de como o galego soubo facer "súa" a vivencia dos acontecementos de fai dous mil anos, e chegou a acadar todo o simbolismo que representaba para todas as súas vivencias, que estaba vendo calcadas nas peripecias e abandono que atopaba no Neno e máis na súa familia. Son moitas as letras que se coñecen e que, polo menos, lle poñen á esta música. Poñemos unha pequena escolma das máis usadas.*

### DEIXADE OS PASTORES-DEIXADEOS PASAR QUE VAN CANTAR O REI-A XESUS NO PORTAL

Con un sombreiro de palla  
un galego a Belén foi,  
mentras adouraba ó Neno,  
coméulle o sombreiro o boi.

Veñen a Belén pastores  
a adoralo Neno Dios,  
veñen por ver ó Meniño  
non veñen a vel-o sol.

San Xosé e mais María  
van camiñando a Belén,  
van cantando panxoliñas,  
cantémolas nós tamén!

Nunhas pallas deitadiño  
i en coiriños alí está,  
sendo o Dono diste mundo  
e Señor de canto hai!.

Saraiva dos meus pecados!,  
mollóume a Xesús as pallas;  
pitelos do meu amore,  
alcendéivos pra quentarllas!.

Qué contento vou a estare,  
cando chegue a ver ó Neno!;  
daréille o meu corazón  
o mellor de canto teño!.

*Cómpre dicir que, como noutros casos, este vilancico atopámolo cantado coma se fose "un reis". A nosa xente, a maioría das veces, non facía separacións entre os cantos propios "da Navidá" e os dos "Reises". Coñecían unha música, e arrimábanlle as letras. Por todo iso, non é de extrañar que nalgunhas bisbarras, no estribillo apareza "QUE VAN CANTAR-OS REISES, A XESUS NO PORTAL". A nós... iso, tanto nos ten. O feito, verdadeiramente importante é que está aí e foi composto, recollido e gardado polo mesmo pobo. A versión que presentamos é da bisbarra de Saviñao, Escairón, Chantada, Monforte, Lugo... Tamén o escoitamos en Ourense.*

# CON UN SOMBREIRO DE FALLA



*SOLTO*

Coa un som-brei-ro de pa-lla un  
 sa-le-jo-a Be-len foi me-n-tras a-lou-ra-ba-o  
 ne-no ca-meu-lleo som-brei-ros boi Dei-  
 xa-deis pas-to - rei dei-xa-deis pa-sar  
 que ven can-tar o' Rei a Xe-  
 sus do por-tal Dei-

D.C. hasta **FIN**

## ALO ENTRE AS PALLAS

*Polo menos na provincia de Lugo, é o vilancico máis coñecido e máis cantado por todos. Del botouse man para calquera demostración referente ao folclore do Nadal, durante todos estes derradeiros anos. Este é un dos poucos casos, no que non fixo falta rescatalo para devolvelle ao pobo. Que pena que non podamos dicir o mesmo con respecto a centos e centos que posibelmente endexamáis aparecerán!. De todos os xeitos, aínda se está a tempo de recuperar moitos deles, se nos damos un pouco de presa.*

*Por ser tan coñecido non fai falta dicir máis nada. Quizaves destacar a melodía da estrofa que, mesmo parece, un chisquiño "arranxada" por algún músico e que tén certo parecido con outros vilancicos que tamén van neste libro.*

ALO ENTRE AS PALLAS  
CHEIO DE FRIO,  
VINDE PASTORES,  
VER O MENIÑO;  
CHEGADE PRESTO  
VINDE A PRISIÑA  
PORQUE XA ESPERA,  
O CARRAPUCHIÑO.

CHEGADE PRESTO,  
VINDE APRISIÑA  
PORQUE XA ESPERA,  
O CARRAPUCHIÑO;  
ALO ENTRE AS PALLAS  
CHEIO DE FRIO  
PORQUE XA ESPERA  
O CARRAPUCHIÑO.

Ten cara meigosa,  
de neve e carmín,  
ten labios bermellos,  
cal rosa de abril;  
mirada tan tenra,  
tan doce o rir,  
que crava na ialma,  
crava sen ferir,  
crava sen ferir.

*A maneira de repetir os "pés" nos versos do estribillo é algo orixinal, e coidamos que única, no folclore do Nadal. Nas foliadas e nas xotas —tamén fóra do País Galego— acostúmase a escomezar polo segundo verso, dicir a cuarteta completa e volver a repetir a primeira frase. Neste caso, non se fai con frases soltas, senón con versos completos, "en bloque".*

*Como xa queda dito, cántase en toda Galiza. Aparece tamén na Colección do Seminario de Lugo.*

# ALÓ ENTRE AS PALLAS



LENTO

A - loen-treas pa-llas die-ço de  
 fri-o via-de par-to-res ver o me-zi-ño che-sa-de  
 pres-to via-dea pri-si-ña por-que xres-pe-ra  
 o ca-ma-pi-chi-ño che-sa-de pres-to via-dea pri-

## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

### (III)

Esta noite é Noiteboa,  
vamos todos a Belén,  
e verémolo Meniño  
que naceu pró noso ben!.

Xa naceu o Neno  
noso Salvador,  
xa non temos penas  
xa non hai door!.

Alégrense os ceos e a terra  
cantemos con alegría  
xa naceu o Dios Meniño  
Fillo da Virxe María!.

Este Neno, quén crerá?!  
sendo Dios, vistido de home  
sendo Rei, neste portal?!

Este Neno, quén crerá?,  
naceu por morrer tan sólo,  
remediar o noso mal?!

Unha noite das máis frías  
do inverno máis cruel  
naceu o noso Xesús  
máis bonito que un cravel!.

Da miña aldea  
de presa veño  
con grandes ganas  
de velo Neno...

Miña Xoíña  
como te vexo  
todo en coiriños  
tomando o fresco.

Pero se pensas  
pasalo inverno  
desa maneira  
non leva xeito!.

En Belén hai moita festa  
tócan pandeiros e gaitas  
vamos a Belén, pastores  
a tocar coas nosas frautas.

Nun portaliño escuro  
cheo de teas de araña  
entre a mula e máis o boi  
nace o Redentor das ialmas.



si-ua por-que xael-pe-rao ce-ra-pu-diu-uo a loen-tras



pa-las dicio de Pri-o por-que xael-pe-ra




o ce-ra-pu-diu-uo TEN CA-RA MET-



GO-SA DE NE-VEE CAR-MIN TEN




LA-BIOS BEN-ME-LOS CAL RU-SA DEB-ABIL



MI-RA-DA JAN TEN-ARA TAN OO-CEE O



AIR AUG CRA-DA NA TAL-HA CRA-DA SIN ZE-RIA CRA-



-BA SIN ZE-RIA A-LOEN-TRAS

D.C hasta  
**FIN**





## POR ENTRE AS SILVEIRAS

O Galego, a pesar do que se diga sobre a súa soidade, ou se cadra por iso mesmo, trata sempre de unir as persoas e máis as cousas aos seus propios sentimentos. Alguén dixo que "a necesidade une ao galego". Pode ser!. De tódos os xeitos apálpase, na vida do galego do mundo rural, un sentido profundo comunitario, sen distincións entre as persoas, as cousas e mesmo os animais. Camiñan todos xuntos. Neste vilancico, paxariños, ovellas, aves, boi, etc. foron postos, como nun ramalliño, para festexar e louvar o Neno. Reparen na orixinal construción gramatical galega "E VEN A SER FILLO", ou tamén "QUE VEN A SER FILLO", como aparece noutras versións.

Por entre as silveiras  
cantan alegres os paxariños;  
anunciando a todos  
con gran esplendor;

Que naceu o Neno,  
mais excelente, mais bonitiño,  
e ven a ser fillo  
do Noso Señor.

As ovelliñas pacendo  
pola veira do regueiro  
berran porque xa naceu  
o Rei da terra e do Ceo.  
E as aves todas co seu chiar  
festexan xuntas a Navidá;  
cos seus chiídos sen descansar  
louvan ó Neno que está no portal.

A Belén vinde pastores  
alí naceu un Meniño  
que está, meu Ben, tiritando  
ai, tiritando de frío;  
II, o Probiño, trembando está,  
e naide corre pra o ir quentar;  
soio un boiciño co seu soprar  
quentaba ó Neno, sen descansar

E, nós probiños pastores  
con gran placer lle ofrecemos  
un manoxiño de frores  
e unhes pouquiños fatelos,

.....  
.....  
Miña xoíña, meu aluzón  
quixera darche o corazón!.

Con xeito de "xota bailábel" —nalgúns sitios chegan a bailar este vilancico ao tempo que o cantan acompañados con toda clase de instrumentos de percusión, incluídos testos e colles— este vilancico foi recollido en Navia de Suarna. Tamén o escoitamos en Ourense, cunha pequena variante na segunda estrofa. A terceira estrofa, que puxemos incompleta, porque non lle acordaba á señora que nola cantou, foi recollida en Calde (Lugo).

Discos e cassettes Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno - Fuxan os Ventos

# Por entre as silveiras



**LIXEIRO**

Por en- tre-as sil- vei- ras con- táa a-  
le- gres os pa- xa- ti- ùos a- uya- ciaa- loa  
to- dos con gran es- plea- dor que ha- ceu o  
ue- ro mais ex- ce- lla- te mais bo- ni- ti- ùo  
ue- ro a ser fi- llo do ue- ro se- ùor  
**FIN**  
as o- ue- li- ñas pa- cen- do

## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

### (IV)

*(Esta versión atopámola coma un canto de "reis").*

Camiñando vai Xosé  
camiñando vai María  
camiñan pra Belén,  
a fin de chegar co día!

Cando a Belén chegaron  
toda a xente durmía  
menos un probe porteiro  
que estaba na portería.

—Abre as portas, porteiro  
a Xosé e mais María!.

—Estas portas non se abren  
hastra que Dios traiga o día!.

Cando o día xa saleu  
a Virxe tiña un Meniño  
tanta era a súa pobreza  
con que envolvelo non tiña

Baixou un anxo do Ceo  
e qué bós panos traguía!  
co eles a Virxe María  
ó seu Amor envolvía!

Subeu o anxo ó Ceo  
cantando "Ave María";  
preguntóulle o Padre Eterno  
cómo quedaba a María!.

AL O A MEGARITE

Musical staff with notes and lyrics: PO-LA VEI-RA DO RE-GUEI-RO

Musical staff with notes and lyrics: BE-RRAM POR-QUE XA NA-CE-U

Musical staff with notes and lyrics: O REI DA TE-RRAE DO CE-U IAS

Musical staff with notes and lyrics: A-UES TO-DAS CO SEU CHI-AR FES-TE-XAM

Musical staff with notes and lyrics: XUM-TDS A NA-VI-DA COS SEUS CHI-I-DOIS SEN

Musical staff with notes and lyrics: DES-CAN-SAR LOU-VAN O' NE-NO QUEES-TA' NO POR

Musical staff with notes and lyrics: -TAL

D.C. hastra **FIN**



## ALO A MEDIANOITE

Estamos diante dun dos vilancicos máis fermoso e posibelmente máis antigo que se atopa na nosa terra. E narrativo e ao mesmo tempo "de invitación ou chamada". Préstase para ser cantado a varias voces, feito que aproveitaron os nosos paisanos, espallandoo desa maneira. E doce e garimoso, como a terra onde naceu. Como noutros casos, empezaban cantando pola estrofa —por iso o poñemos na parte "dos narrativos"— para seguir despois co estribillo, que, neste caso, é dobre, e coidamos cunha mistura, nunha das frases de repetición, de xeito castelán, como pasa tamén no "Garridiño" que vai neste mesmo libro. Claro que tamén se podería facer a pregunta, ¿foi para aló e "castellanizouse" ou veu para acó e "galeguizouse"? O estudo de todo isto, deixámolo para outra ocasión. O ritmo é tamén moi orixinal, tirando a un "nocturno galego con xeito de vals lento" nas estrofas, e "pandeirada", bastante definida, no estribillo.

Aló, a media noite,  
cando o galo canta,  
nunha vila santa  
que chaman Belén,  
nunhas pobres pallas  
nun pequeno estabro,  
naceu, malpocado!,  
Xesús, noso Ben!.

E CHEIÑO DE FRIO  
NON TIÑA A NINGUEN  
E DABALLE ALENTO  
A MULA I O BOI!.  
E VOSOUTROS, RAPACIÑOS,  
CHEOS DE GOZO; IDE A BUSCAR!;  
ALGUNHAS COUSIÑAS  
QUE O NOSO NENIÑO  
POIDAMOS LEVAR (bis).

Non se coñecen outras letras. Esta versión foi recollida na parroquia de Proendos (Sober, Monforte), e, anque nola cantou o Sr. Marcelino, coñécena e cántana, aínda hoxe, todos os vellos e vellas da bisbarra. Tamén a escoitamos en Ferrol e en Ourense. Pensamos que se coñece en todo o País Galego e que ten moi poucas variantes.

Discos e cassetes Fonográn, S.A.-Galicia canta o Neno-Fuxan os Ventos

# ALÔ A MEDIA NOITE

*LENTO*

A - lô a me - dia noi - te, can - too ga - lo  
 can - ta num - ra: vi - la san - ta que dia - na Be -  
 leu — mu - las pro - bes pa - llas uma pe - que - ues  
 ta - bro ma - cei mal - pu - ca - do Xe - sus, ho - so  
 heu. E - de - i - uo de fri - o uma ti - ãa mi -

## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

(V)

En Belén naceu un Neno  
que se chama o Neno Dios;  
os pastores xa dixeron  
que o vamos a ver nós!.

Os pastores de Belén  
teñen moita caridá,  
para ir ver ó Neno,  
a noite de Navidá!.

A noite de Nadale  
é longuiña e principale  
cando Deus quixo nacere  
todo o mundo a esclarecere!.

Cantemos e bailemos  
na millor festa que hai;  
o nacemento do Neno,  
que está nos brazos da Nai!.

Sobre as pallas dun alpendre  
miña xoiña!, naceu xa;  
e as razóns de homildade  
ó nacer, xa ós homes da!.

Os pastores en Belén  
piden licencia pra entrar;  
tamén nosoutros pedimos  
licencia para cantar.

Alégrense ceos e terra  
cantemos con alegría,  
xa naceu o Deus Meniño  
fillo da Virxe María!.

Son voltas son voltas  
son voltas que o mundo dá;  
son voltas, son voltas,  
da noite de Navidá!.

Día de Noiteboa,  
Día de Navidá,  
hei de comer castañas  
que me vai dar miña mai!.


Os anxeliños da groria  
cantas cousas de agradare,  
os paxariños do souto  
responden co seu cantare!.



gued e da-ba-lla - ta-toa mu-la io boi

*AL TEMPO*

*VIVO*



a mu-la io-boi. e vo - sou-tras ra-pa-




ci-4os ches de so-ro viu-tes a bus-car al-gua-lra car



si-4a gued ho-so ue - ui-4o poi-da-mos le-var poi-da-mos le-



var poi-da-mos le-var poi-da-mos le-var poi-da-mos le-



**FIN**

var poi-da-mos le - var.





## CANTOS DE ARROLOS E OFRENDAS (GRUPO TERCEIRO)

Despois de cear ben —cadaquén na súa casa, coa súa familia— na que non faltaron as filloas, os figos pasos, o mel, as rosquillas, e tamén algún rezo (antes ou despois, segundo as familias), os máis novos empezaban coa frela de que había que ir pensando en chegar á Misa do Galo. As rapazas da parroquia, xa polo serán ou desde había días, tiñan medio argallado o Nascimento, que gardaban na sacristía, para despois poñer fóra ou dentro, segundo o tempo que fixese. O crego tamén lles axudaba un chisquiño. Abondábanlles con un pouco de musgo, unhas pallas, e algunhas figuriñas, un pouco descoloridas, que lles pediran prestado “ao señor ou señora” da parroquia. As veces tamén as tiña o crego ou gardaban dun ano para outro as mesmas rapazas.


Polo camiño, de cara a igrexa, volvían a escoitarse os cantos que cantaran na cociña e dábaselles un pequeno toque aos que aprenderan “novos”, cecais, aquel mesmo día. ¡Ian ledos e contentos!. Só quedaban na casa os enfermos ou moi velliños.

No adro da igrexa, case sempre facían unha fogueira para se quentaren. O crego falaba e divertíase con eles. Cando xa estaban todos, o crego poñíase á misa, que escoitaban con moita devoción. Ese día ían tamén mesmo os que non pisaban a igrexa todo ano. Tamén os “indianos” ou emigrantes que viñeran pasar a Noiteboa coa súa familia.

Despois da Misa do Galo, ben dentro da Igrexa, ben no adro, xuntábanse todos ao redor do sinxelo nacimiento para cantar. Botaban o millor do seu repertorio. A señora Ambrosia (representación da muller galega) ciscaba os seus “arrolos” cun cariño que nen os anxos do Ceu. Os demais axudábanlle no estribillo e escoitaban, caladiños, as estrofas. Cos arrolos ían tamén “as ofrendas”. Cando había xente espabilada, vestíanse con traxes das bisbarras ou profesións que querían representar.

A volta para a casa —endexamáis había presas, se o tempo valía, anque houbese xeada— facíase no meio de moita bulla e á luz dalgún farol ou un fachiño de pallas. Voltaban a soar os cantos barulleiros e tamén algunha foliada ou pandeira da que nada tiñan que ver co asunto.

Neste apartado escollemos dez cantos dos máis representativos.



**ARRULO E OFRENDAS**

## AI MIÑA ROSIÑA

*Con este título e tamén co de "RAPACES E VELLO" —as primeiras palabras do estribillo— aparece este vilancico en todo o Paín Galego. Unha versión, parecida á que recollemos nós, sobre todo no estribillo, aparece na colección de Cantos Populares de D. Daniel González. O vilancico está moi ben feito, tanto na música como na letra. Conseguiron unir a doce melodía das estrofas, máis ben tristes e chorosas, coa ledicia e espontaneidade do estribillo, con xeito de muiñeira e pandeirada.*

RAPACES E VELLO,  
MANGADE AS POLAINAS  
E SE TENDES PITOS  
TAMBORES E GAITAS  
FUXIDE ESTA NOITE  
FILLIÑOS DE DIOS  
A BELEN CANTANDO  
O FILLO DE DIOS.

Ai, miña Rosiña,  
ai, meu Queridiño,  
decía, chorando,  
a Mai do Meniño.

Ai, miña Prendiña,  
ai, meu Queridiño,  
durme no meu colo,  
acurrucadiño!.

Ai, miña Xoíña  
cántos traballiños  
veu pasar ó mundo  
para redimirnos!.

Coas bágoas nos ollos  
quedou dormidiño;  
durme, qué che preste  
meu Inocentiño!.

LEVANTADE OS OLLOS  
MIRADE PRAS NUBES  
VEREDES QUE BAIXAN  
BONITOS QUERUBES  
PRA BELEN CANTANDO  
CAMPANTES I ALEGRES  
PRA DECIRLLE O NENO  
HOSANNA IN EXCELSIS!.

*Na primeria parte do estribillo tamén existe a variante de "RAPACES E MOZAS", e ao remate "FUXIDE ESTA NOITE A BELEN CON NOS, PARA ALABAR CANTANDO"... A versión que presentamos aquí foi recollida na Comarca de Sarria (Lier e a Veiga), cantada por unha señora de bastantes anos, que non lle acordaba máis que o estribillo e a primeira estrofa. As outras estrofas e o estribillo que poñemos ao final, escoitámolo en Ourense, coa mesma música. Supoñemos que hai outras letras, aínda que os estribillos sobre todo o primeiro, é o máis coñecido en todas partes.*



*-RO MINA ROSINA*

*Lento*

"Ai mi-ua ro-si-ua ai in-cu-  
 que-ri-di-ua" de-ci-a cho-ra-  
*Allegro*  
 do a mai lo ue-ri-ua. RA-PA-CES E  
 HU-RAS MAX-GAI AS PO-LAI-RAS E SE TE-DES  
 PI-TOS TAN-BO-RES E GAI-TAS FO-XI-OEET-TE  
 NOI-TE FI-LI-NOS OB: DIOS PA-LA-BRAS CAN  
 TAN-DO PRA DE-LEN COM NOS

*FIN*

## FALAIME BEN BAIXO

*Velaí outra versión do xeito de vilancicos "mistura de chamada-arrolo", tan coñecidos na nosa terra. Nalgúns sitios dise tamén "FALAME BEN BAIXO", en vez de "FALAIME OU FALADE". Teñen moi semellantes os estribillos. Neste caso é moi movido e con ar moi especial, pegadizo e misterioso. Encetábao sempre un solista, e os demais repetían o mesmo. As estrofas son moi variadas e, coma noutros casos, eran improvisadas, por iso non se encontra nunca un mesmo tema desenvolvido con unidade.*

FALAIME BEN BAIXO  
TREPAME POUQUIÑO  
PRA QUE NON DESPERTE  
O NOSO RULIÑO (tres veces)  
FALAIME BEN BAIXO  
TREPAME POQUIÑO

Os fillos, fillos dos ricos,  
nas súas camas douradas,  
i este noso Pequeniño  
deitadiño nunhas pallas.

Teño unha pitiña teño,  
con doce pitos tamén  
pra lle regalar á Virxe  
que está pardia en Belén.

Logo virán os pastores  
que tamén o queren ver,  
tráenlle ovos e manteiga,  
e unha xarriña de mel.

Entraí, pastores, entraí  
por ese portal sagrado;  
vinde adorar ó Meniño  
que está nas pallas deitado.

Alégrense os Ceos i a terra  
cantemos con alegría;  
xa naceu o Deus Meniño,  
Fillo da Virxe María.

Unha noite das máis frías  
do inverno máis cruel,  
naceu o noso Xesús  
máis bonito que un cravel.

*De igual maneira que pasa "nos outros cantos populares" de Galiza sobre todo cando están feitos en octosílabos aplicábanse as mesmas letras a cáseque todos os vilancicos. A razón é moi doada de explicar e entender, fora dalgúns casos en que o vilancico estivese moi metido nas entrañas do pobo. A xente repite aquilo que recorda máis axiña ou que se lle cravou máis na memoria. Esta versión foi recollida en Ourense e díxéronnos que era das bisbarras de Verín, A Gudiña e todo o sul da provincia, na raia con Portugal.*

# Falaime beu baixo



DOCE- LIXEIRA

FA-LAI-ME BEM BAI-XO TRE-PAI-ME POU-

QUI-NÔ PRA QUE NON DES — PER-TE O NO-SO RU-

LI-NÔ O NO-SO RU-LI-NÔ O NO-SO RU-LI-NÔ FA-LAI-ME BEM

BAI-XO TRE-PAI-ME POU — QUI-NÔ Os fi-lhos fi-lhos das

ri-cos mas su-as ca-mas deu-ra-das ies-

te-uo-so pe-gue-ri-ão dei-ta-di-ão um-har

pa-lar. FA-LAI-ME BEM

**FIN** MARCHA

**D. C** hasta **FIN**

## FALADE BEN BAIXO

*Sen medo ningún a equivocarnos podemos asegurar que a letra deste vilancico é a máis coñecida en toda Galiza, polo menos, o estribillo. Cántase en todas partes, aínda que con variacións dabondo no tocante á música. Tén un sonsonete de "arrollo" e ao mesmo tempo de "chamada", ao respeitoso silencio e adoración ao Neno. Compre non despertar o Meniño, para que non sufra; pola contra, eles, os galegos, os cristiáns, deben estar ben despertados para cantarlle os seus sentimentos que o Neno Deus vai ter en conta, aínda que esteña dormido. É unha manifestación máis da filosofía do noso paisano. As letras levan unha forte carga tamén de teoloxía sinxela do pobo.*

Falade ben baixo,  
petade pouquiño;  
pra que non desperte  
o Noso Meniño.

Eres mais lindo e máis feito;  
moito mais que un serafín (bis)  
vinde rapaces da aldea;  
vinde anxos deica eiquí (bis)

Chorando estás, miña Vida,  
qué che da pena, meu Ben?  
son os pecados dos homes  
i a frialdá do seu desdén?.

Falade ben baixo...

Canta, canta, rapaciño,  
que eu xa non poido cantar;  
súas gracias e monadiñas,  
seu aquel doce mirar!.

Falade ben baixo...

*Entre as moitas variantes que tivemos oportunidade de escoitar ao traveso dos sete anos que se representou "Galicia canta ó Neno" e aínda antes desas datas, escollemos somente dúas para poñer neste libro. Esta foi recollida dunha persoa de Ribadeo (María, aluna do Colexio M. Femenino Santísimo Sacramento) alá polo ano 1968. O vilancico ten moita riqueza musical, con tres ritmos moi galegos: Unha mistura de nocturno-alalá, con ares de vals lento e a ledicia da xota no estribillo. Música e letra xuntáronse para facer un vilancico con verdadeira estrutura de canción galega.*

# FALADE BEN BAIXO



*MISTERIOSO*

Fe-la-de-beu bai-xo pe-tu-te pou-rit.

qui-ão pra que nos des-por-te o no-so ru-li-  
[FIN] - XOTA-

lão E-RES MAIS LIM-POE MAIS FEI-TO MOI-TO

1ª vez 2ª vez

MAIS QUE UM SE-RA-FIN VIN-DE RA-  
1ª vez-----

PA-CES DRAI-DE-A VIN-DE AN-XOS DEI-CHA-OVI. VIN-  
2ª vez----- D.C. hasta [XOTA] LIENOO-DOCE

1ª = lio-ran-dos-tai mi-in

vi-da i que due la pe-ua mes hea? sou os pe-

ca-las los ho-mes ia friol-da do sov tes-deu.

(D.C., Estribilo, D.C., 2ª Estrofa, D.C. hasta [FIN])



## MEU CARRAPUCHIÑO

*Este vilancico tamén é coñecido con outro título: "E UN RAPACIÑO". Así o chaman pola Comarca de Chantada. Como xa apuntamos no limiar do libro, no folclore popular non se repara moito nos títulos. Xeralmente os vilancicos e demais cantos galegos, collen o título das primeiras palabras que se dín. Outras veces engádeselles o sitio ou lugar onde se canta. Isto pasa, sobor de todo, nos cantos de "reises". O que temos agora diante nosa é como un especie de "recitado", sen compás nen tempo, na súa primeira parte, que sempre era cantado por un solista que podía lucirse todo o que quería. O coro entraba a cantar no derradiro pé, para empalmar despois co estribillo.*

ADOREMOLO TODOS A UN TEMPO  
UN PRODIXIO TAN DIÑO DE AMAR,  
PRA QUE AQUELES QUE NON O CONOCEN  
AS SUAS GRORIAS LLE VEÑAN CANTAR.


E un Rapaciño, coma un sol dourado,  
de oliños negros e cabelo largo,  
de doce mirada o tenro sonrrir,  
Meu Carrapuchiño, vámolos adorar.

Vede ó meu Meniño, tan mal arroupado  
mortiño de frío, nas pallas deitado,  
pra ensinar ó mundo a pura verdá:  
Meu Pequerrechiño, vámolos adorar.

Marmuran as fontes, os carros que chían,  
e os paxariños, ti-ti-ri, que trinan:  
é que as cousas todas quéreno quentar (cantar?)  
Meu Carrapuchiño, véñente adorar!.

*Apareceron algunhas pequenas variantes nalgúns sitios, sobor de todo nas estrofas. O estribillo consérvase e cántase de igual maneira en todo o País Galego. A nosa versión foi recollida na provincia de Lugo e tamén foi editada, a multicopista, na xa dita Colección do Seminario de Lugo. Hoxendía é un dos vilancicos máis cantado aínda pola nosa terra.*

# Meu carrapicho.



*CASI RECITADO*

E UN RA-PA-CI-ÑO CO-MAUN SOL DOU-RA-DOO-

DE O-LLI-NOS NE-GROS E CA-BE-LO LAR-GO DE DO

CE MI-RAR E TEN-RO SO-RRIR - MEU CARRA-PU-CHI-ÑO

VA-MO-LOA-DO-RAR. — A-DO-RE-MO-LO-TO-DOS-AUN-

-TEM-PO, — UN-PRO-DI-XIO-TAN-DI-ÑO-DEA-MAR-

— PRA-QUEA-QUE-LES-QUE-NO-NO-CO-ÑO-CEN — A-SUAS;

GRO-RIAS-LLE-VE-NAM-CAN-TAR. — A-DO-TAR —

*1ª Vez*      *2ª Vez*

## O GARRIDIÑO

*Estamos diante dun vilancico "moi popular" na Provincia de Lugo. Pensamos que tivo a súa orixe na "Terra Chá". Polo menos, nesa zona é coñecido por case todos os vellos e velhas das aldeas e vilas. O estribillo e a primeira parte das estrofas son auténticamente galegos. Non podemos dicir o mesmo no tocante ao final do vilancico. Fóronlle engadindo un xeito que é típico de Castela e Andalucía; a repetición do derradeiro pé da estrofa, coa afirmación do "sí" reiterativo. De todos os xeitos conserva toda a dozura e agarimo dun canto de berce, cheo de cariño e amor ao Neno que está no colo da súa Mai.*

*Unha versión:*

*Outra:*

Xa que nacéu pró noso ben	Xa que naceu pro noso ben
Ai! que Meniño, tan garridiño	este Meniño tan garridiño
vamos a ver o Noso Meniño	vamos a velo, Meu Queridiño
vámolo a ver que está en Belén	vamos a velo que está en Belén.

*Solista:* Vamos, vamos a velo que fai  
vamos, que está cabo da súa Mai.

*Coro:* Deitado está nun pesebre,  
desnudiño nunhas pallas  
e como fai tanto frío  
súa Mai co mantelo o tapa (bis)

*Solista:* Vamos, vamos a velo que fai,  
vamos, que está cabo da súa Mai.

*Coro:* Háivos un boi e unha mula  
que non fartan de miralo  
e como fai tanto frío  
co folgo queren quentalo (bis).

*Solista:* A mula cómelle as pallas  
o boi alento lle dá:

*Coro:* Vinde, vinde, os pastores.  
imos a velo que fai;  
vinde, vinde, pastorciños,  
que está cabo da súa Mai (bis).

*Esta versión foi recollida por Mini que lla escoitou á súa aboa e a súa mai (Maruxa Cruz) fai unhos anos. Tamén a escoitamos, o resto do grupo, en Guitiriz, Villalba, As Nogaes, Doncos, etc.*

# O GARRIDÃO



*vivo*

XA QUE NA — CE — U PRO NO — SO

BEN ; AI QUE NE — NI — ÑO TAN GA — RRI — DI — ÑO ;

VA — MOS A VE — LO NO — SO NE — NI — ÑO VA — MOS A

1ª Vez 2ª Vez **FIN**

VE — LO QUEES — TA' EN BE — LEN VA — MOS A

*DOCE*

va — mos, va — mos a ve — lo que fai va —

mos quees — ta' ca — bo da sua mai dei — ta

dei — ta' não pe — se — bre dei — us — Li ño não — has

pe — llas e co — mo fai tam — to pri — o sua mai

## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

(VI)

*(Unha pequena mostra de "arrolos")*

Dúrmete, Neno  
Neniño bon;  
dúrmete, Neno,  
ou, ou, ou!.

Catro anxeliños  
con catro espadas  
gardan o leito  
xunto da almoadá.  
Xunto da porta  
catro guerreiros  
mentras él durme  
gardan ó Neno.

Durme, Neniño  
Neniño bon;  
durme, Neniño  
ou, ou, ouh!.

Catro fadiñas,  
con veus de prata  
tocan pandeiros  
xunto da cama.

Catro estrelañas,  
brila brilando,  
son froreciñas  
xunto ó teus brazos.

Santa María,  
chorando a mares  
fai de naiciña  
pra te gardare.  
San Xoseciño,  
de ollos dourados  
tráechе xoguetes,  
coma un Rei Mago!.

co man-te-loo ta-pa e co-mo fai teu  
 to fi-o sua vai co man-te-loo ta-pa.  
 D.C. hasta **FIN** e salta a *DOCE*

XA QUE NA-

A MU-

LA CO-ME-LEAS PA-LAS O BOI A-LEN-TO LLE  
 OA I-MOS I-MOS OS PAS-TO-RES I-MOI  
 A VE-LO QUE FAI I-MOS I-MOS OS PAS-  
 TO-RES I-MOI A VE-LO QUE FAI SI QUEE?A  
 CA-BO DA SUA NAI SI, AUES-TA CA-BO DA SUA  
 D.C. hasta **FIN**

NAI

XA QUE NA-



## MEU CARRAPUCHEIRIÑO

Os galegos temos sona, polo mundo adiante, entre outras cousas, de sermos doces, sumisos, traballadores, calados. Tamén de escravos e tozudos. Pero do que máis se fala é da nosa "morriña", aínda que moita xente non saiba o que, de verdade, significa esa palabra: ¿lembianza, melancolía, tristura, desarraigo,...? Algo de todo, pensamos nós. Pode haber moita mitificación en todo isto. Onde non a hai é na dozura e nas palabras que usamos de cote, para piropear aos que, de verdade, queremos: á familia, aos nenos, aos amigos, aos pobres, aos que sofren. Por consecuencia, tamén a todo o referente ás peripicias do Neno Xesús e de súa Mai, a Virxe María. Somentemente para os nenos e máis para os namorados hai palabras tan garrimosas, coma as adicadas a María e Xesús. Botándolle unha ollada ao folclore do Nadal, encontramos un feixe de diminutivos cheos de dozura e amor: Meu Carrapucheiriño, Meu Carrapuchiño, Miña Prendiña, Miña Rosiña, Meu Caraveliño, Meu Garridiño, Meu Ruliño, etc. O posesivo "meu" por diante de cada palabra dalle unha forza que sómente o galego pode entender e que non ten adución posíbel a outros idiomas. Este é o caso do arrollo que poñemos aquí, formando conxunto da escolma que fixemos neste apartado. Ao tempo que gostan da dozura da música, reparen nas "expresións auténticamente galegas" "bótame eses olliños" e máis a forma "vasme morrer", tan fonda e tan nosa.

### MEU CARRAPUCHEIRIÑO, SOL DE BELEN BOTAME ESES OLLIÑOS, VASME MORRER.

Miña Prendiña, Miña Monada,  
Meu Queridiño estás nesas pallas!  
por veces choras, por veces calas,  
e da bica dun galego,  
canto pides, tanto mandas.

Quixera terte no colo,  
e o teu Corpiño arrolar!:  
e, por veces, co meu folgo,  
as túas bágoas enxugar,  
as túas bágoas enxugar!.

Esta doce melodía non se coñecía na provincia de Lugo. Existen algunhas melodías que parecen "paralelas", coma no caso do "solo" de "ALO ENTRE AS PALLAS" que tamén figura neste libro, pero, tanto unha como outra, poden ser arranxos dalgún músico dos nosos tempos. Esta versión escoitámola en Ourense, e tamén ouvimos outra, moi semellante, en Santa Marta de Ortigueira (A Coruña). Puideron ter a mesma orixe. As caídas "semitonadas" das estrofas, non costumaban ser de "cantos populares"; con todo están aquí e hoxendía xa se fixeron claramente "do pobo".

meu  
carrapucheirinho



LENTO - CARINOSO

Meu ca-rra-pu-chei-ri-ño sol de Be-  
 ley, bo-ta-mej-ses o-lli-ños vas-me mo-rrer bo-ta-mej-ses o-  
 lli-ños vas-me mo-rrer vas-me mo-rrer vas-me mo-  
 rrer **FIN** **VIVO** Min-ña preu-di-ña mi-ña mo-ua-da meu que-ri-  
 di-ños-tas ai-sas pa-llas por ve-ces

RIT.



## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

### (VII)

Da rosa, rosiña  
naceu unha fror,  
ron, ron, ron  
esta noite, sí,  
ron, ron, ron,  
esta noite non!.

Cómo chora o noso Neno  
está mortiño de frío!  
chegou do ceño en coiros  
cantémoslle pra dormilo!.


Ai, meu Meniño,  
meu pequeniño,  
nesas palliñas  
deitado estás:  
Malpocadiño,  
pena me das!.

Estas uviñas,  
castañas e mel  
son pra o meu Neno  
o Neno Manoel!.

Da rosa, rosiña,  
naceu unha fror,  
ron, ron, ron,  
esta noite, sí,  
ron, ron, ron,  
esta noite, non!.




di-o — ras por ve-cer ca — las e da




ki-ca lua ga-le — so fan-to pi-ler fan-to




man-las




4 Qui — xe — ra ter — te cu co — lo ig



ter cor-pi-ú ar-ro-lar e por ve-cer no meu



fol — so ar tu-ar ba — gans eu-xu — gar ar tu-ar ba-gans



eu — xu — gar meu ca-rra-pu-doi-



## E RORRO, RORRO, MEU NENO

Atopámonos aquí diante dun dos "arrolos" máis garimoso que coñecemos. Toda a ternura da muller galega, a pesar de estar amasada pola esclavitude do seu duro traballo do campo (ela roza, ara, sacha, carrega feixes, etc.) trócase en dozura e en sublimación espiritual cando arrola o seu fillo, ben no seu colo ou dándolle ao barrelo, feito dunhas táboas de amieiro ou piñeiro, nunha das poucas horas mortas do seu home, se ten a sorte de telo con ela. Ese mesmo espírito con que canta ao su fillo, ao mesmo tempo que lle conta as súas penas — ¿con quen as vai desfogar?— faino tamén co Neno Xesús, ao que soubo identificar coa realidade dos seus propios fillos, nados para sufrir e para padecer inxustizas. Cada "canto de berce, ou arrollo" da nosa terra, é un verdadeiro "tratado de psicoloxía" sóbor da muller galega. Como tantas outras cousas que aínda están por facer, éste é unha delas. Pola nosa banda, coa publicación deste "arrollo" queremos facerlle unha homenaxe a todas as mais e aboas galegas, á muller galega, en xeral.

E RORRO, RORRO, MEU NENO!  
E RORRO, RORRO, MEU AMOR.

Eu son un probe galego,  
veño do sul da provincia;  
i ó Neno Xesús, lle traigo  
lenzo pra unha camisiña.


O Meniño está no berce,  
vistidiño de oletón,  
i os nenos que o arrolan,  
anxos do Ceo son.

O Meniño está na corte  
e María xunto a El;  
San Xosé tamén estaba  
pasmadiño para El.

Durme ben, durme Meu Rolo,  
que non hai berce coma o colo  
que non hai berce coma o colo,  
durme ben, durme Meu Rolo.

Abundan outras letras e outras maneiras de cantar os arrolos. A maioría dos que coñecemos, arrincan dos mesmos que lles cantaban aos seus fillos, cambiando un chisquiño a letra. Como eran arranxos que facían "—case sempre repentizando"— ás veces, as letras non teñen moito sentido. Este foi recollido en Ourense, e din que é das bisbarras de Xinzo da Lima e Verín. A nós cantounolo o crego ourensano Domingo G. Freire, hai uns anos.

# E RORRO



**SOLO** *Andante*

E RO — RRO RO — RRO HEU HE —

— NO E RO — RRO RO — RRO HEU A —

**CORO** *P.R.*

— HOR — E RO — RRO RO — RRO HEU

HE — NO E RO — RRO RO — RRO

**FIN** **SOLO** *PANDERINA*

HEU A — HOR eu sou um pro-be ga-

-le-go ve-úo do sul da te-mi-úca ió ue-

no xe-sus lle tra-go leu-to prau-la ca-mi-

a **CORO** haitra **FIN**

si-úca

## NENO DE CABELOS DE OURO

*Deste vilancico, moi coñecido na provincia de Lugo, averiguamos moitos detalles. Parece ser que a letra —non sabemos certamente se pasa o mesmo coa música— foi composta por un señor, chamado o Sr. Corral, natural de Mondoñedo e que exerceu de boticario en Ribadeo. Temos razóns para testemuñar que tamén compuxo moitos máis, ou polo menos, fixo arranxos sobre temas populares, dun fato deles. Desto falaremos, a fondo, cando nos poñamos ao traballo serio de investigación. Nun libro coma este, samente de divulgación, non podemos pararnos. Abóndanos con recordar que, hoxendía, este vilancico pertence xa ao pobo, porque se canta e porque se fixo popular.*

*Pertence ao grupo dos “arrolos” ou “cantos de berce”, rematado con ar de xota galega.*

Neno de cabelos douro,  
meu Amor e meu Tesouro,  
rico Ben;  
Tanto coma a Ti che quero,  
non lle quixen nin espero  
quererlle  
nunca a ninguén!  
Ai, la, la, la, lá.

Esas, esas manadas de feno,  
en que está deitado o Neno,  
frías son;  
Deixa que onda Ti me achegue,  
e te deite e te afregue,  
e te deite e te afregue,  
no meu probe corazón,  
corazón...  
Ai, la, la, la, la, la, la, laralá;  
ai, la...

*Cómpre dicir aquí, xa que se deu o caso, que algúns vilancicos galegos, que naceron de “panxoliñas” de autores coñecidos, pouco a pouco, ao ser acollidos polo pobo, fixéronse populares. Nalgúns casos, cando o compositor aproveitaba músicas populares, o paso dábase moi axiña. Noutros, a música era nova, e a transición ía máis amodiño. De todas as maneiras, este e moitos máis, xa pertencen á rica despensa do folclore galego do Nadal. Tamén aparece na Colección, editada no Seminario de Lugo.*

# NENHO DE CAMELOS

DE

OUTRO



*DOCE*

Ne-vo de ca-be-las teu-ro

meu a-mor e meu te-sou-ro ri-co ben

tan-to co-ma ti che que-ro non lle sai-xa uia er-

*Rit.*

pe-ro que-rem-le uia caa uia - quem ai la la la

*A TEMPO*

la. E-sas e-sas ma-ma-das de fe-vo

## ESCOLMA DE PANXOLIÑAS

### (VIII)

Chascarraschás, qué Neno tan gordo!,  
chascarraschás, qué gordiño está!;  
chascarraschás, coa Naiciña que tén,  
chascarraschás, carraschás, carraschás!.

Imonos deiquí pra casa  
que xa vimos de ruar,  
está Xesús a dormir  
podémolo espertar!.

Pero antes de marchar  
ó Neno Xesús bicai!;  
moi amodiño pasai  
decirlle "adeus" á súa Nai.

Pro... un galego aturuxou:  
e dixo: Viva o Neno de Belén:  
Dios que eiquí nos xuntou,  
nos xunte na gloria, amén!.

Fóronse moi quediños,  
reloucando de ledicia  
aledando os camiños  
que levaban pra casa!.

Chascarraschás, qué Neno tan gordo!  
chascarraschás, qué gordiño está!;  
chascarraschás, coa Naiciña que tén,  
chascarraschás, carraschás, carraschás!.

eu quees-ta' dei-ta - doo ue-uo fi-as SOLO.  
 SOLO CORO  
 dei-xa quem-da ti mea-che — que e tea-deite e tea-  
 SOLO  
 fie — que e tea — dei — te e tea — fie — que uo meu  
 RIT CORO - VIVO  
 pro-be co-ra — zoa co-ra — zoi. ai la la la  
 la la la la la la ai la la la  
 1<sup>ª</sup> vez 2<sup>ª</sup> vez RIT FIN  
 la la la la la la la la la la la la





## NOSA SEÑORA

O pobo galego, aínda sen chegar a profundizar no senso liberador que representa o Acontecemento do Nadal, viviu identificado coas persoas protagonistas do Misterio: Xesús, María (a súa Mai), Xosé, os pastores, a xente sinxela, etc. Despois das gabanzas ao Neno, as que máis abundan son as adicadas a súa Mai: Miña Naiciña, Nosa Señora, Corazón, Xoiña (cariñoso), etc. Por contra, arremeten contra os inimigos: Herodes, Pilatos, Fariseus, xente sin caridade, etc. Eis unha mostra dun vilancico, con referencia á Mai de Xesús.

Nosa Señora fai medias,  
con nobeliños de luz;  
algodón de lúa chea,  
i as medias son pra Xesús.

Nosa Señora ten medo,  
arrepíos de tenrura,  
pra que non desperte o Neno  
tapan os anxos a lúa.

Quen tén filliños pequenos  
sempre lles ha de cantar:  
a Virxe canta, mái canta  
con voluntá de chorar.

O cantar que a Virxen canta  
cando arrola ó seu Meniño:  
Meu Caravel, Miña Rosa,  
meu Bico de paxariño...

Eu ben vin virar a ceina  
eu vin a ceina virar;  
eu ben vin virar o fuso  
para o Meniño arrolar.

Heiche dar, miña Meniña,  
héiche dar á compañeira  
héiche dar á Virxen pura  
pra cantar de fiandeira.

Miña Virxe do pan quente  
Santa Nae do Meu Meniño,  
que fixestes a súa roupa  
no argadelo dun cariño.

Dóuche un real por un bico  
dóuche dous por o teu sarillo,  
e daréiche a miña vida,  
se queres á Mae i ó Fillo!.


E vamos todos, e vamos todos - a adorar o Redentore,  
que naceu o Rei de Reises en Belén, i en Belén entrou, Pastores,

*Tamén coñecemos unha versión na que, a primeira estrofa dí deste xeito: "Nosa Señora fai media-con liñas feitas de lús-o novelo, a lúa chea-as medias, para Xesús". Parécenos a máis primitiva, pero nós ouvimos a outra versión, que nos deu M<sup>a</sup> Xosé Pardo Gil, de Lugo.*

Discos e cassettes, Fonográn, S. A. - Galicia canta ó Neno - Fuxan os Ventos

# « Nossa Senhora »


*GARIBOSO*



No - sa se - ão - ra fai me - dias



com ho - je - li - ão de luz




al - go - dou de Cu - a die — a <sup>1ª Vez</sup> nas me -



dias sou pra Xe - sus <sup>2ª Vez</sup> — sus

*LIGEIRO*




e ja - mos to - dos pois ja - mos to - dos



a - do - rar ó re - deu - to - re




se na - céu o Rei de Rei - ses em Be -



lea céu - Be - lea en - trou pas - to - ses <sup>1ª Vez</sup> se na

<sup>2ª Vez</sup>



- to - ses

## O TIRULIRU

Dos poucos vilancicos galegos, (a pesar da riqueza e faratura que temos), que se publicaron fóra do País Galego, un deles foi este. Aparece en dúas publicacións "Villancicos españoles", Colec. Seminario de Logroño, e nunha pequena antoloxía (feita a multicopista) sobre rexións publicado por unha Orde Relixiosa. O folclore musical do Nadal galego, parece que non tivo cabida nas coleccións, tanto literarias como de casas discográficas, no Estado Español. Andalucía, con ou sen cantantes daquela zona, espallou por todas partes, o seu tamén rico folclore navideño. As causas non paga a pena botarlles unha ollada. Tampouco os galegos quedamos totalmente liberados dalgunha culpa. Mais... deixemos iso agora, e volvamos ao vilancico. Está feito con ar galego —moi galego— no estribillo. A alborada, que serviu para moitas cousas, tamén foi posta aquí. As estrofas, pode ser que sexan algo imitativas doutros sitios —alleos ao País Galego— aínda que conserve o son de un vals-lento, moi usado na nosa terra. As letras, como noutros casos, tamén eran improvisadas e "localizábanas" segundo o sitio onde se cantase. Velaí unha pequena mostra:

Solista:

Vamos, compañeiros, vamos,  
vamos todos cara Belén,  
a ver aquel Rapaciño  
que acabou de nacer.

Todos:

O Estribillo.  
TIRULIRURI, TIRULIRURI.  
TIRULIRURI.....  
.....

Pastores:

Somos dous pastores chairegos  
que vimos xunto ó Meniño,  
a traguerlle unhas guedellas  
pra que quente o seu corpiño

Mar.:

Somos mariñeiros, somos,  
da terra de Camariñas,  
e ó Neno Xesús traemos  
unhos peixes e sardiñas.

Rib.:

O portal vimos correndo  
dende a Ribeira do Miño  
pra ofrecerlle ó Noso Neno  
un pelexo de bon viño.

Todos che regalan algo,  
i eu ¿qué che regalarei?:  
un pucheiro de manteiga  
e unha cunca de bon mel.

Polo xa dito máis arriba, posíbelmente sexa este o vilancico galego máis coñecido e máis cantado tanto no País como fora del. Entrou como vilancico representativo de Galiza na maioría daqueles concursos organizados pola desaparecida Sección Femenina. Se cadra por todo iso e polo xeito de alborada do estribillo, hoxendía é o vilancico máis coñecido aínda que non sexa, nen moito menos, o máis representativo.

Discos e cassettes, Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno - Fuxan os Ventos

# TIRULIRU

**MARCHA**

Ve-mos com-pa-ñei — ros va-mos va — mos

to-dos ca-ras Be — len a ver a — guel ca-pa-

ci — ño quea-ca — bou de ua — cer

**ALBORADA**

Ti ru li ru li Ti ru li ru li

Ti ru li ru li ru li ru li ru li

Ti ru li ru

LI TI RU LI RU LA'

**FIN**

## DESPEDIDAS I ENTRADIÑAS DE ANO

### (GRUPO CUARTO)


*Cecais, dentro dos cantos do Nadal, as despedidas e entradiñas de ano, son os menos auténticos. Hai moita mistura da cantos populares que, fóra das letras, non se distinguen doutras datas do ano. Non obstante, teñen a súa orixinalidade. Consérvanse moi poucos, e, os poucos que, aínda se escoitan por aí adiante, están moi viciados.*

*da cantos populares que, fóra das letras, non obstante, teñen a súa orixinalidade. Consérvanse moi poucos, e, os poucos que, aínda se escoitan por aí adiante, están moi viciados.*

*Compre recordar que as festas de fin de ano son, máis ben, pagás. Por moitas voltas que lle deu o cristianismo non as deu "cristianizado" nen sequer nos nosos tempos. En Galiza nótase moito máis que noutros sitios, anque, agora debido á sociedade de consumo que nos da todo preparado para que gastemos os cartos como eles queren, podemos dicir que se fai da mesma maneira en todas partes. De todos os xeitos aínda aparecen algúns costumes, propios do País Galego, sobre todo nas aldeas, menos contaminadas polas modernas "salas de fiestas". Quedan "as fogatas" (os galegos herdámolas de moi antigo) que tamén se fan ao rematar o ano vello e comezar o novo. Ao redor dela, con cantos e bailes, nalgunhas partes, acostúmase a facer o reparto dos mozos e mozas, xa maduros, da parroquia, para xuntalos "en casamento". As puchas serven para botar os papeliños, nos que van escritos, nunha, os nomes das mozas e noutra os dos mozos. Sempre hai trampa, para que coincidan as parellas que interesen. É unha broma que saben levar todos moi ben.*

*Estas festas celébranse na rúa. Son de moita trangallada. Non hai moita arte nos cantos, nen sequer nas letras. Os vellos non participan coma nos da Noiteboa ou de reises.*

*Somente poñemos un grupiño de tres cantos!.*



# DESPEDIAS DE AÑO

## CATRO MANCEBOS

*Eis unha despedida das máis coñecidas no País Galego. Aparece en todos os Cancioneiros Galegos (que por certo, son ben poucos). Ten un son medio relixioso e sinxelo. Existen moitas variantes na interpretación, pero conservando sempre a mesma melodía, o que nos dá que é moi auténtico. Nas bisbarras onde o escoitamos (Ourense, Ribadumia, Baralla, Fonsagrada, etc.) aparecen tamén outras letras, aínda que conservan sempre a primeira e a última. Nós collemos as da Colección de D. Faustino Santalices, publicadas no Cancionero Galego de Torner e Bal.*

Despedida de Ano Vello,  
entradiñas de Aninovo,  
os señores desta casa  
as conten con moito gozo.

Catro mancebos xuntiños  
aquí xuntiños estamos  
e tan cansado-los catro  
que é preciso alimentarnos.

De moi lonxe xa viñemos  
noite que andar aínda falta  
as forzas piden reparo,  
mollo as gorxas e non de auga!.

Chourizo, pois, longaniza,  
uña de porco, fuciño,  
ou de xamón dúas tortillas  
con dous xarriños, de viño

Abran a porta, señores,  
que por honrados nos temos  
sabe Dios se pra outro ano  
á porta lles cantaremos.

De cantar xa nos cansamos  
por probes non nos desprecien  
que se algo os ricos non dan  
os probes mal se remexen!.

Vivan e vivamos todos  
que para todos Dios nos dou,  
saudiña!, cante o merlo  
adiós ano que acabou.

Aninovo, sé ben vido  
pórtate ben para nós,  
e coa xente desta casa  
que a todos nos criou Dios.

ESTA VAI POR DESPEDIDA  
OXE, EIQUI NON CANTO OUTRA  
OS SEÑORES DE ESTA CASA  
DOXE UN ANO ME OIAN OUTRA!.

*Pensamos que nos primeiros tempos esta despedida iría acompañada pola zanfona, pola súa característica de canción moi ligada e monótona. Nos derradeiros anos sabemos que se acompañaba do violín, tocando a mesma melodía que os cantores. A música consérvase en moitas partes, aínda que as letras sexan moi distintas. Nalgunas Zonas fixéronse letras apropiadas a persoas e viciños concretos.*

*Discos e cassettes Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos*

Ca-tyo maan-ce-bos xu-ty-tyos ei sui  
 lo-ye xa vi-ue-mos moi-to  
 xu-ty-tyos es-ta-mos e tyu ca-ty-dos os  
 que-ty-lar aju-da fal-ty as por-ty pi-tya re-  
 ca-tyo que' por-ci-sua-li-ma-ty-tyos. de moi  
 pa-ro mo-ty-las gov-tyal e udy'

fea-ga

Catro maucebos...





## SE DAN O FUMEIRO

Outra maneira de cantar "despedidas" ou pedir "aguinaldos" é ésta que presentamos nesta triloxía. Pedir "o fumeiro" é algo mais que pedir o aguinaldo, que xa se da por feito. O fumeiro é o calor da cociña, o bon recebimento, a ledicia, o compartir máis cousas, o sentirse acollido sen a falsidade de recibir os cantores "por compromiso". A proba de todo isto está en que, nos cantos que coecemos "do fumeiro", non se cantan nen se din tantas trangalladas como nos outros. ¡Hai máis seriedade nas letras!. ¡Compre dicir tamén que "o fumeiro" tamén o pedían pola Noiteboa e Reises!.

SE DAN O FUMEIRO  
VAMOS CONTENTIÑOS  
VAMONOS CORRENDO  
CO NOSO MENIÑO;  
A VIRXE CONTENTA  
TAMEN OS PASTORES  
POR VER AQUEL NENO  
NASCIDO ENTRE FRORES!.

Víndenos abrir a porta  
sacáinos desta xeada  
que eiquí traguémolo Neno  
nunha camiña de pallas.

Nunha camiña de pallas  
traemos eiquí ó Meniño  
a Virxe está chorando  
porque lle morre de frío.

Pra que non morra de frío  
vimos eiquí os pastores  
cunhos pouquiños trapiños  
nunha cestiña de frores.

*Esta versión foi recollida da Colección do Seminario De Lugo. Nunca tivemos a ocasión de escoitalo, tal cal aparece aquí, pero sabemos que foi recollido pola bisbarra do Saviñao, hai uns anos. Pensamos que o corte que fai do estribillo ás estrofas, non lles resultaba doado de cantalo, e, se cadra, por iso mesmo, se foi perdendo. Ten son de xota no estribillo e marcha lenta nas estrofas. Nas actuacións de "Galicia canta ó Neno", interpretóuse acompañado de gaitas, tambores, cunchas e pandeiro no estribillo.*

# Se deu o furoiro...



XATA

se deu o fu-uro - ro va-mos con-Yua-

ti-úos VA-MO-UOS CO - me - do co uo-so ue-

ui - úo a Uir-xe cou-teu-ta ta-ma os pas-

to-res por ver a - quel ue-uo ua-ci-doa-tre

fu - res **FIN** **ANDANTE** VIM-DE-NOS A-GAIRA

PO-R-TA SA-CRI-NOR DES-TR XI-A-RA QUER-QUI DRA-

QUE-MO-LO NE - NO INV-NA CA - MI-NA **#** OS

PA - UAS se deu o fu- **D.C. hasta** **FIN**

## ANO NOVO, VIDA NOVA!

Cerramos esta triloxía “de despedidas e entradiñas” de ano, con este canto (un verdadeiro remexido de música popular) que atopamos pola Provincia de Ourense. Como xa dixemos na presentación deste grupo de cancións, non hai moitos “cantos propios” destas datas. Como son datas de moito barullo e mais ben “de festas de trangallada nas rúas”, aproveitaban modelos doutras cancións galegas. Por outra banda, xeralmente, sempre levaban acompañamento de moitos instrumentos. Cumpria facer moito barullo e poder bailar e danzar. Polo que toca a esta despedida, nótase ben todo o dito. Abundan tres xeitos de xotas nunha mesma canción. Un verdadeiro “remexido” pero que compre coñecer e espallar.

DESPEDIDA DE ANO VELLO  
ENTRADIÑA DE ANO NOVO  
OS SEÑORES DESTA CASA  
OS CONTEN CON MOITO GOZO.

VIVA!, BERRAN OS GAITEIROS  
QUE VIÑERON A TOCAR!;  
O NENO RECEN NACIDO  
ENTRE AS PALLAS DUN PORTAL.

Ano novo, vida nova,  
ano novo, qué traerás?;  
o vello sospiros leva,  
o novo xa os traerá!.

Ano de festas que naces  
o pasado xa pasou!;  
a primaveira enverdece  
o xardín que se marchóu!.

LA LA LARALA LA LA...

Decatámonos do feito de que éste non é un canto propio do Nadal. De todos os xeitos está aquí; cantouse e cantase. Cando xa teñamos recollido o que aínda pode quedar por aí adiante, coa raigame certa dos “cantos de despedidas e entradiñas”, esquecerémonos del. Hoxendía témolo e o mesmo pobo acolleuno. Isto é un feito que nos di que o pobo quer cantar e canta, e bota man do que ten e se lle acorda. A vagancia ou ignorancia duns, e cecais, a malicia doutros leváronnos a encontrarnos un chisquiño valeiros de esta clase de cantos. ¡Todos temos algo de culpa!.

Discos e cassettes Fonográn,S.A.-Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos



**AIRE 1ª XOTA**

Des-pe-di-da de-a-ño ve-llo- e-ñ-  
 se-ño-res des-ta ca-sa os

1ª Vez 2ª Vez

t-va-di-ña de-a-ño ho-vo os ; vi-  
 coa-tea coa moi-to go-ro

VA! BE-RRA-OS GAI-TEL-ROS QUE VI-ME-RON A TO-CAR O'

1ª Vez

ME-NO RE-CEN NA-CI-DO EN-TREAS PA-LLAS DEON POR-TAL. VI-  
 2ª Vez LENTO - LIGADO

TAL a-ño ho-vo vi-da ho-va a-  
 ho ho-vo que trae-ra as o ve-llo  
 sus-pi-ros te-va o ho-vo xa os trae-  
 rá o ho-vo xa os trae-ra

## PETITORIOS DE AGUINALDOS

### (IX)

Manden aguinaldos,  
señores, a nós,  
polo Nacemento  
do Fillo de Dios.

Manden aguinaldos  
se nolos han dare  
que somos de lonxe  
queremos marchare.

Moitos anos viva  
a dona da casa  
pra dar aguinaldo  
nunca foi escasa.  
Moitos anos viva  
o dono tamén;  
temos por noticia  
que é home de ben.

Aquí hai mociñas  
que gasta salero  
que nos han de dare  
o viño do xerro;  
Aquí hai mociños  
que gastan sombreiro  
que nos han de dare  
a real enteiro!.

Os señores desta casa  
saberánnos perdoare  
que somos rapazas novas  
e non sabemos cantare!.

Dios llo pague, señora;  
Dios queira que doxe un ano  
me dea vosté o aguinaldo  
coas súas benditas maus!

Quédense con Dios, señores,  
hastra ó ano que volvamos;  
senon nos vemos eiquí  
que no Ceo nos vexamos!.

Aquí nos deron a recadaciva,  
quén nola dou, moitos anos viva;  
Eles que vivan e nós que vivamos  
e roguen a Dios que no ceo nos vexamos

Déanos o aguinaldo, aunque seña pouco,  
un touciño enteiro e a mitá doutro...  
Déanos, señora, déanos, o oviño da súa pola  
San Antoniño lla defenda, o raposo non lla  
coma.

ai la te lo ai la la la a

Musical staff with notes and rests.

GAITA →

Musical staff with notes and rests.

Musical staff with notes and rests.

*vivo*  
la la la la la la la la la la *f. vez*

la la la la la la la la la la *2ª vez*

Musical staff with notes and rests.



## CANTOS DE REISES

### (GRUPO QUINTO)


Ao revés do que dicíamos do grupo anterior, os cantos de "reises" abundan na nosa terra. Son os máis abundantes. Hai centos e centos, espallados por todo o País Galego.

Compre dicer dúas cousas: Que se conservan moi poucos cantados en galego, e que son dos cantos nos que máis se nota a influencia allea, tanto na súa costrución narrativa coma na música. As razóns están ben á vista. Cantábanselle aos ricos e os ricos, anque tamén sabían o galego, falaban o castelán. De todos os xeitos, hai algo moi importante en todos eles. Son os verdadeiros protagonistas do que cantan e, coa súa sinxeleza, foron galeguizando as letras que, ao millor, facían os máis entendidos, pero que eles cantaban, un pouco ao seu xeito. Souberon, sobre todo, conservar o estilo e a maneira de facelo.

Hai moitas clases de "reises". Desde os narrativos —nos que se din, ás veces, moitas burradas— até os de gabanza e burla. Estaban todos pensados para zugar os cartos aos ricos. Ao mesmo tempo espallaban as peripecias do Neno Xesús, María e San Xosé. Aproveitaron tamén as malfeitorías de Herodes e a súa banda, para retratar neles, os caciques e as inxustizas que tamén eles encontraban na nosa terra. Compre, algún día, estudar a fondo este fenómeno. O galego tivo que aproveitar estas cousas pra dicer o que quería, xa que foi a única oportunidade que tivo en toda a súa vida.

Cerramos esta primeira obriña —virán algús tomos máis— cunha mostra de oito cantos de reises. Quedan moitos no noso arquivo!. Que este feixe de cancións sexa aceptado por todos vostedes como o noso aguinaldo neste ano mil novecentos setenta e nove que, con cariño, lles damos desde as terras de Lugo. Volveremos para o ano que ven, se Deus quixer!.

# CANTOS DE REISES





## LOS TRES REYES MAGOS

Empezamos o apartado, adicado á mostra dos cantos de "reises", cunha triloxía deles, recollidos na parroquia de Lúa (Meira) que poden ser representativos deste xeito de cantalos en todo o País Galego, xa que abundan en todas partes, desde a Guardia a Ribadeo e desde Fisterra ao Caurel. A razón de porqué se cantan en castelán queda dita na introdución.

Cántanse en dous grupos. Uns fan de GUIAS e o resto o RETROUSO, unha especie de estribillo que repete a primeira estrofa.

LOS TRES REYES MAGOS ten de orixinal a música que é dunha sinxeleza primitiva e con raigame de canto litúrxico. Supoñemos que tería moitas letras, pero xa non se conservan nesta Comarca. Neste aparecen estrofas en galego, a pesar de teren pedido antes o aguinaldo en castelán. Segundo os entendidos, parece ser que "os reiseiros" elevaban sempre as dúas estrofas: aos ricos (castelán-falantes) botábanlle en castelán e dos pobres (galego-falantes) en galego, o seu idioma. Pode que teñan razón.

RETROUSO:

LOS TRES REYES MAGOS,  
DE ORIENTE HAN PARTIDO  
PORQUE DE LOS CIELOS  
AVISO HAN TENIDO.

Desde que supieron  
que era Rey del Cielo  
todos muy contentos  
se postran en el suelo.

GUIAS:

Todos tres caminan  
con grande alegría  
por ver a Jesús,  
Hijo de María

Había Dios nacido  
de una Virgen bella  
y por no errar  
los guía una estrella

Angelitos somos  
del Cielo venimos  
bolsillos traemos  
dinero pedimos!.

Déanolo o aguinaldo  
se no lo ha de dare  
que vimos de lonxe  
e temos que andare!.


Como nas dúas páxinas seguintes precisamos do papel para poñer as letras, anunciámoslos nesta folla. Trátase de dous "reises", coñecidos tamén en todo o País Galego. Encontrámoslos en moitos sitios, con pequenas variantes. Non levan despedida nen petición de aguinaldo. E posíbel que se cantasen sempre ao principio, e samente nos últimos poñían a petición. Títulanse "EMBAJADORES SOMOS" e "CAMINEN SEÑORES"

Fixeron de guías: Ramona Graña, Nila López, Domitila Rivas, Manoel Villamil, Florentino Castro e Amalio Díaz. O retrouso: Manoel López, Manoel Abraira, José Castro, Chelo López, Xosefa Castro e todos os veciños da parroquia de Lúa, Meira (Lugo). No ano 1976, algúns deles viñeron cantar á cidade de Lugo, na compañía de Fuxan os Ventos e Treboada.

“Los tres reyes magos...”




Los tres re-yes ma-gos des-cien-to y ve



ni-do por-que de los cie-los a-vi-sa-ron te



ni-do.



## EMBAJADORES SOMOS

### RETROUSO:

EMBAJADORES SOMOS,  
OIGAN ATENTOS,  
DE LA NUEVA EMBAJADA  
DEL NACIMIENTO  
DEL NIÑO  
QUE ES PRODIGIO DIVINO  
QUE BELLO!  
HOY NACIO EL REY DEL CIELO.

### GUIAS:

Para Belén camina  
la Hermosa Niña,  
"cargadita" y doncella,  
y a Belén iba,  
y lleva  
a su querida Prenda  
camina  
con gozo y alegría.

Llegaron a Belén  
y allí tenían  
unos parientes suyos  
que allí vivían  
llegaron,  
a la puerta llamaron,  
salieron  
posada no les dieron.

Fueron más adelante  
y allí tenían  
otros parientes suyos  
que allí vivían,  
llegaron,  
a la puerta llamaron,  
qué pena!  
posada se les niega!.

Son José se afligía  
al ver su esposa  
entre la mala gente  
y más piadosa  
la Niña,  
a su esposo le dice  
que el Cielo  
les ha de dar consuelo!.

De la ciudad salieron  
fueron andando,  
y allí en un portal viejo,  
y derrotado  
y viendo  
que no hay otro remedio  
entraron,  
y en él se acomodaron.

San José a una escoba  
la mano echaba  
"pa" limpiar el pesebre  
que sucio estaba,  
la Niña  
de la mano le quita  
la escoba  
para limpiarla ella sola.

Al instante bajaron,  
con alegría,  
dos ángeles del Cielo  
que así decían:  
Señora:  
deje usted esa escoba,  
pues eso  
corre de nuestra cuenta!.

Aquel portalón de gracia  
se vuelve un Cielo,  
adornado de flores  
pues nació, luego,  
un Niño,  
que es Prodigio Divino,  
qué bello!  
hoy nació el Rey del Cielo!.

Los pastores le ofrecen  
tiernos corderos,  
y las pobres pastoras  
manteca y huevos,  
mantilla,  
paños de Holanda fina!  
al Niño  
que tirita de frío!.



## Embajadores somos...

LENTO

1<sup>a</sup> Em-ba - ja - do - res so - mos ; oi - gan a -  
 ten - tos ! de la nue - va em - ba - ja - la del na - ci -  
 mien - to del Ni - ño que es pro - di - gio di -  
 vi - no ; que be - llo ; hoy na - ció el rey del cie -  
 - lo

2<sup>a</sup> Pa - ra

**FIN**

## CAMINEN SEÑORES

**RETROUSO: CAMINEN, SEÑORES - QUE ES PRECISO ANDAR  
ANTES DE LAS DOCE - A BELEN LLEGAR.**

**GUIAS:**

*Camina, camina  
la Virgen María,  
y a San José lleva  
en su compañía,  
compañía más noble  
no la puede hallar.*

*Fueron caminando  
y luego encontraron  
con los pasajeros  
y les preguntaron  
si para Belén  
hay-donde errar.*

*¿A donde camina  
quisiera saber  
un hombre de noche  
con una mujer?  
¿ ¡Hurtada la lleva  
o imagino mal?!:*

*Respondió José:  
no la llevo hurtada  
de esos señores  
no me toca nada,  
y Quien me la dió  
me la podía dar.*

*¡Niña más hermosa  
dama más florida  
dijera uno de ellos  
no la ví en mi vida!  
y a un hombre tan viejo  
mal se puede dar!.*

*San José les dijo:  
fuera yo servido  
de ella ser mi esposa  
y yo ser su marido;  
por otra ninguna  
no la he de trocar!.*

*Respondió la niña,  
como es tan discreta:  
Dios nos ha juntado,  
yo estoy muy contenta  
por hombre ninguno  
no le he de cambiar!*

*Lleguen, señores  
si en compañía  
va la noche oscura  
perderán la guía.  
Yo seré el camino  
y no lo he de errar!.*

*San José les dijo:  
Estimo el favor  
vamos poco a poco  
sin ningún temor  
la luz del Señor  
nos va alumbrar.*

*Fueron caminando  
en conversación  
hablando palabras  
de grande atención  
con palabras santas  
dignas de adorar.*

*Llegan a Belén  
a un portal sagrado  
aunque le ven pobre  
y no derrotado  
en él han hallado  
corte celestial.*

*Esposo del alma  
aquí nos quedemos!  
consuelo del cielo  
alguno tendremos!  
y una noche sola  
buena es de llevar!.*

*Acuéstate, esposa  
que vienes cansada!;  
de mi no tengas,  
ansia ni cuidado,  
en llegando mi hora  
yo te he de avisar!.*

*Esposa del alma  
no permita Dios  
que yo me encuentre  
en falta de vos,  
que sin vos, Señora,  
yo no me puedo hallar.*

*Allí nacio un Niño  
en aquel pesebre,  
entre pajas y hierbas  
sin otro albergue,  
siendo Rey del Cielo  
de Tierra y Mar.*

*Como era Rey  
de inmenso poder  
todos los demás reyes  
le venían a ver  
hincando la rodilla  
para le adorar.*

*Desde que le adoraron  
Melchor y Gaspar  
sus ricas ofrendas  
le van presentar:  
oro, incienso y mirra,  
también Baltasar.*

*"Desque" le adoraron  
todos muy contentos,  
hasta los pastores  
tocan instrumentos.*

.....  
.....

**CAMINEN; SEÑORES,  
QUE ES PRECISO ANDAR,  
ANTES DE LAS DOCE,  
A BELEN LLEGAR!.**

# CAMINEN SEÑORES



*MUJER*

CA-MI — MEN SE — ÑO — RES QUEES PRE — CI — SOAN

DAR AN — TES DE LAS DO — CE A BE —

-LEN LLE — GAR ¡ CA — MI — NA CA — MI — NA

La vir — gen Ma — ri — a ya sea so — se'

lle — va en su com — pa — ñi — a com — pa —

ña mas no — ble no se pu — de — llar

(D. C. (Ritrosso) hasta el fin)

CA — MI —

## FELICES FIESTAS DE REYES

*Estamos diante "un reis" do máis coñecido e cantado, posíbelmente, en toda Galiza. Desde logo, nas montañas lugue-sas, desde Navia á Quiroga, pasando por Pedrafita e o Caurel, é o mais espallado. Existen algunhas variantes de interpretación, especialmente nos adornos que lle meten, pero a música é sempre a mesma. Como noutros casos, abundan distintas letras. Desde os que contan toda a historia do Neno, até os que con-tan a historia e "algo máis". A música, dun xeito case recitado, é dunha sinxeleza e relixiosidade primitiva de valor incalculá-bel. Escollemos estas letras por seren as poucas con raigame ga-lega que se conservan, con esta música.*

Felices fiestas de Reyes  
después de las de Natale,  
que cuando nació Jesús,  
nos prometió una señal.

Dió una famosa estrella  
que templada luz nos da  
de Oriente salen tres reyes  
guiados de una señal.

Nosa Virxe groriosa  
é linda coma unha rosa  
cando Deus quixo nacer  
escolleu a mais fermosa.

Non quixo nacer en torres  
nin en casa de señores  
quixo nacer en Belén  
onde está Xerusalén!.

Onde estaba un boi moi manso  
e unha mula maliciosa  
canto máis o boi xuntaba  
mais a mula estrangallaba!.

Esta vai por despedida  
oxe, eiquí non canto outra  
os señores desta casa  
doxe un ano oian outra!.

*Nesta versión hai unha mistura de "castelán-galego" que non é moi común nestes cantos, fóra dos saúdos iniciais e de despedida, que abundan. Hai outras letras moito mellor fiadas e con argumento completo. Xa dixemos a razón de poñer as que aquí aparecen. Esta versión foi cantada por D. Domingo Fuentes, de Visuña (O Caurel). Tamén a escoitamos nas Nogais en Doncos, Pedrafita e en todas as parroquias desa bisbarra. Nas actuacións de "Galicia canta ó Neno", acompañábase de zanfona.*



*LIBRE*

1ª Fe — li — ces pier — tar de

re — yes des — pue — de las de ua —

-dad ye con — do na — ció Je — su

su — re nos pro — me — tió una se —

-nal. 2ª vio' un

*Final*



## "REISES DE INFIESTA"

Atopámonos aquí con un "reis" moi orixinal e nada doado de interpretar. E tan difícil como rico na súa música, que admite un feixe de adornos, ao gusto e arte dos cantores, sobre todo "dos guías". E moi discutido o seu título. Uns chámanlle "de Infiesta", outros "De fiesta en fiesta" e algúns titúlano "vaya de regocijo". Conservámolo o de "Infiesta", porque así o nomean na bisbarra de Navia de Suarna, e fai pouco tempo tamén nos enteramos de que fan o mesmo en Ribadavia (Ourense). No "Cancionero Gallego" aparece unha versión de Riós (Ourense) que ten moito parecido. A versión que nós presentamos ten certos ares "asturianos" debido, cecáis, por estar Navia moi perto de Asturias. O xeito de "pisarse as letras" os guías e máis o coro é moi típico destes reises "con retrouso".

Oigan y escuchen todos  
esta vieja tonada  
y la alegría y buen gozo  
y esté en la casa el ama.

VAYA DE REGOCIJO  
VAYA DE INFIESTAS VAYA (sic)  
EN BELEN HA NACIDO  
EL BELLO SOL DEL ALBA.

A Belén una niña  
camina apresurada  
y-hermosa en cuanto bella  
y un viejo en su compañía.

Caminan poco a poco  
llegaron a una casa  
de dentro le responden  
¿quién de estas horas llama?,

E, a señora ama da casa  
como é tan honrada  
subirá o caínzo  
e cortará sin tasa.

E, o señor amo da casa  
como é tan honrado  
baixará á bodega  
e traerá un xarrado.

Sabemos que abundan as letras con "moito diálogo" entre María e San Xosé, contando as peripecias que lles pasaron. Nun futuro libro de investigación falaremos de todo esto e poñeremos todas as letras que se coñecen. Neste traballo "de divulgación" chega con poñer estas letras, recollidas en Navia de Suarna, nunha das actuacións de "Galicia canta ó Neno" nesa Comarca. A interpretación é "moi libre", por eso nós somente poñemos o que podemos chamar "a música-base".



## SAN XOSE E MAIS MARIA

Este "reis", parece ser o mais representativo da chamada "Galiza Central". Cántase aínda nas bisbarras que delimitan Melide (A Coruña), Lalín (Pontevedra), a Corna (Ourense) e Taboada (Lugo). Existen moitas variantes nas letras, conservando sempre a primeira estrofa. Abunda o castrapo. As estrofas rompen, moitas veces, o fío da historia e dinse verdadeiras burredas, compensadas, por certo, pola boa intención dos "reiseiros". A música ten xeito de marcha lenta e admite un feixe de adornos e orixinalidades que souberon aproveitar en cada Zona pra darlle certo ar propio. Este "reis" aparece tamén no "CANCIONERO GALLEGO", como recollido en Taboada cunha variante de Melide.

San Xosé e mais María  
iban xuntos pra Belén  
íbanlle cantalos reises  
á Xesús de Nazaré.

Fóronse de vila en vila  
e de lugare en lugare  
na busca de Xesucristo  
nono puideron topare.

Foron dar con lle a Roma  
revestido no altare  
misa nova quer decire  
misa nova quer cantare!.

Aquela paloma blanca  
que está detrás do altare  
aquela é a Nosa Señora  
que nos quería axudare.

San José echa las redes  
por riba de San Bernardo  
Toma, nena, ese pañuelo  
bótanolo o aguinaldo.

E, á señora ama da casa  
nunca a cabeza lle doia  
se nos dera un torresmiño  
pra lle untare a zanfoña

A versión de Melide ten esta variante na letra: "San José e máis María, eles van para Belén, eles van cantalos Reises, cántémolos nós tamén. "San José iba mui triste, porque iba polas montañas, e María mui alegre co seu Fillo nas entrañas". Hai máis variantes polas bisbarras de Rodeiro e Monterroso. A estrofa que remata este "reis" utilizábase para outros cantos de "reises", cando se acompañaba de zanfona, como neste caso. Falta moitas letras. Unha señora da Zona de Antas de Ulla díxonos que tiña "vintedous pés".

Discos e cassettes Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos



## SAN XOSE E MARIÁ

*MUOVO*

san Xo - sé e maí Ma - ri - a

i - bañ xu - tar pra Be - leu i - bañ -

lle cañ - tar os rei - ses a Xe - sui de

Na - za - re

## REISES DE RAO (NAVIA DE SUARNA)

A parroquia de Rao (Navia de Suarna) está situada dacobalo das provincias de León e Asturias. Abunda a neve durante os meses de inverno. Até hai moi pouco tempo estaba totalmente incomunicada esta parroquia, unha das poucas que soubo conservar toda a súa riqueza do folclore. Dalí é unha típica "pandeirada" feita de pel de corzo que saben repinicar moi ben as mulleres da Zona, e que non pode faltar en ningunha das moitas xuntanzas que saben organizar os viciños de Rao. A emigración, coma noutras zonas, fixo estragos nos últimos anos. De todos xeitos, aínda se conservan verdadeiras "xoias" musicais, como esta pandeirada que tanto lles serve aos de Rao para meterse cos da Balouta ou Peliceira, como para cantar os "reises". Abundan tamén as letras.

A señora ama da casa  
ten a color da cereixa  
i ela como é boa moza  
sen esmola non nos deixa.

A señora ama da casa  
ten o ramo de pracer  
co viño na bodega  
pra nos dar de beber.

A señora ama da casa  
ten cara de serafín  
canto entra pola eigrexa  
tódolos santos lle rin.

Esta cas sí que é casa  
ésta sí que son paredes,  
a muller que nela está  
é muller entre as mulleres.

Si esta casa fora miña  
como é destes señores  
xunto ó portal do curral  
prantar un xardín de frores.

A súa porta nos tén  
como un feixe de leña  
a esperar pola resposta  
que da súa mau nos veña.

A casa ten bon cortizo  
e tamén ha de ter bon mel;  
nós vimos buscar un peso  
que nos mandou o señor Manoel.

Señora ama da casa  
cachee ben os bolsillos  
se non nos ha de dar cartos  
déanos ovos e chourizos.

Polo que se ve este "reis" está adicado "a señora ama da casa". A filosofía do galego sabe que, dígase o que se diga, a que aínda manda na casa é a muller. Tamén hai letras, doutro xeito, para, as amas da casa que non se portan ben. Velaí unha delas, anque non se metan coa ama: "Nesta casa hai boas mozas, e tamén hai un bon mozo, e se non nos dan un peso, afozámos no pozo". De todos os xeitos hai máis gabanzas que desprecios nesta clase de "reises". Estas letras tamén as escoitamos noutros sitios, con outra música popular. O "ailalelo" da pandeirada daba tempo para improvisar letras. Do crego de Rao, Xesús L. Rivas e os seus frigreses, recollemos esta música enxebre.

Discos e cassettes Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos

# "Pandeirada de Rao"

(AIRE POPULAR)

AI - LA - LE - LO - AI - LA - LE - LO - AI - LA -

1ª Vel - - - - -

LE - LO - AI - LA - LA - LA - AI - LA -

2ª Vel - (CIGARRA)

a - se - ño - ra - a - ma - da - ca - sa - teu - a -

co - or - da - ce - rei - xa - ie - la - co - mo - bo - a -

mo - za - seu - es - mo - la - uo - nos - dei - xa -



## GUEDELLOS DE CABRA

Un dos valores maiores que ten a nosa xente é o da "hospitalidade". Endexamáis se pecha a porta a ninguén. Cecáis por iso mesmo levaban moi a mal que houberse alguén no pobo, na parroquia ou na aldea que fose "coreño". De todos os xeitos, en case todas as parroquias había algún que, polo menos, non era tan arrogante coma os demais. Para ese e máis para os que non soltaban o aguinaldo abundante, tiñan unha restra de "reises" moi apropiados. Pódense xuntar todos nestes grupos: "Reises da cabra fanada, guedellos (as) de cabra, orellas de cabra, orella queimada, fociño de cocho, etc.". De todas as maneiras era unha burla "cariñosa", na que non había nen enfados nen malicia; ao revés até podía ser unha maneira de divertirse e dar pé para que, para o ano seguinte, aquilo fose doutra maneira. *Velaí o "modelo" máis coñecido e cantado en todo o País Galego.*

CANTAMOSCHE OS REISES, GUEDELLOS DE CABRA  
CANTAMOSCHE OS REISES NON NOS DECHES NADA.

Sómolos reises do "quiquiriquí"  
vimos a ver que nos botan eiquí;  
Sómolos reises do "cacaracá"  
vamos a ver que nos botan alá;  
Sómolos reises da "cabra fanada"  
viñemos eiquí, non nos deron nada!.

Aquí vimos catro, cantaremos oito,  
déanos o aguinaldo "fociño de cocho";  
ó aguinaldo vimos ó aguinaldo andamos,  
se nos dan touciño tamén o levamos;  
Sómolos reises do "quiquiriquí"  
se non nos dan nada... cagámoslle eiquí!.

### OUTRAS LETRAS:

Cantámosche os reises, canela de cabra, fociño de cocho,  
orella queimada; cantámosche os reises, non nos deches nada!.  
Cantamos e recantamos, e volvemos a cantar; estas "cascas de  
farelos" non tiveron que nos dar.

Aquí non nos deron, do demo cousa; de oxe nun ano, estén  
baixo da lousa!.

*Esta versión foi recollida pola Comarca de Paradela, Portomarín e Fonsagrada. Con pequenas variantes —moi pequenas— cántase en todas partes. Compre dicer que, á hora de cantar "este reis", os acompañantes das "cuadrillas", axudábanlles a "dar a despedida" ao amo tacaño. Quizáis por iso, todos a coñecen, cousa que non pasa cos demais "cantos de reises" que sómente cantaban os "reiseiros".*

*Discos e cassettes Fonográn, S.A. - Galicia canta ó Neno-Fuxan os Ventos*

# Reises da "CABRA FANADA"

"XOTA"

CAN-TA-MOS-CHEOS-REI-SES - GUE - DE-LLOS-DE-

-CA - BRA-CAN-TA-MOS-CHEOS-REI-SES - NON-DE-CHE-

NA-DA — — — — — "PANDEIRADA" vivo

-rei-SES-do — "QUI-QUI-RI — QUI" — VA-MOS-a-

ver-guea-aos-bo-ta — dea — qui — so-mo-las-

rei-SES-do — "CA-CA-RA — CA" — VA-MOS-a-

ver-guea-qui-bo-ta — dea — lá — so-mo-las-

rei-SES-da-CA-BRA-PA — NA-DA-ri — ãe-mos-a-

qui — — NON-DE-LOA — NA — de — CAN-



Review of the [illegible]

[Faint text and musical notation on a page, likely bleed-through from the reverse side. The page contains approximately 12 staves of music and several lines of text.]

Esta Editorial, desde o día da súa fundación, propúxose espallar as súas actividades a tódolos eidos da Cultura. Hoxe abre unha nova colección adicada á Música Popular, e dentro de esta, o vilancico, que tan variado é por toda a nosa xeografía.

O pobo fixo esta Música. Nós non facemos máis ca recollela e volverlla a el, que é o dono. Pra facer esto, tivemos moito tino en que as transcripcions fosen todas elas nunha tonalidade fácil, pra que poidan interpretalas aínda aqueles que non tiveron a sorte de se meteren moi ó fondo no arte musical. Inda así e todo, sempre contarán coa axuda dos discos que levan grabado Fuxan os Ventos.

